

orbita

IES Ribeira do Louro | Número XI | Maio de 2016

Premios literarios

Ensaios

Contos

Realiza os desafíos de
xadrez que proponemos



Actividades do centro

Poemas

Artigos

IES RIBEIRA
DO
LOURO

Debuxo:
Clara Lorenzo
Martínez, 2º ESO

Escritores visitan o instituto

Entrevistas

Día das Letras Galegas 2016
Homenaxeamos a Manuel María

Equipo de Dinamización Lingüística



Sumario

| | |
|--|-----------|
| Editorial | 1 |
| Saúdo do EDL | 2 |
| Premios do Alumnado | 3 |
| Actividades do centro | 6 |
| Artigos e ensaios | 24 |
| Desafíos de xadrez | 39 |
| Proxectos desenvolvidos no centro | 40 |
| Creación | 42 |
| A nosa memoria | 46 |
| Entrevistas | 50 |
| Homenaxes | 54 |
| Solucionario e tradución | 60 |
| Artigos e ensaios (continuación da sección) | 61 |



REVISTA ESCOLAR ÓRBITA, NÚMERO XI, EDICIÓN DE MAIO DE 2016

Foi posible a publicación desta revista grazas á colaboración de (por orde de aparición): Equipo directivo do IES Ribeira do Louro, Alba Carrera Lorenzo (3º ESO), María Domínguez Romero (3º ESO), Paula Alonso Mazorra (1º BAC), Susana Roa Diz (1º BAC), Laura Dauzón Otero (2º BAC), Club de Lectura BiblioRibeira, Samuel Barros Ferreira (2º ESO), Hernán Rodríguez Iglesias (2º ESO), Clara Lorenzo Martínez (2º ESO), Adrián Lemos Martínez (2º ESO), David Rodríguez Conde (2º ESO), María Gómez Piñeiro (2º ESO), Olga M. Lalín García (Departamento de Inglés), Laura Vila Collazo (1º BAC), Diego Fernández Pérez, Pablo Otero Sales, Paula Valencia Pereiro (1º ESO), Antonio García Torres (1º ESO), Silvia Bastos Rodríguez (1º ESO), Anxo Romero Ferreira (1º ESO), Andrea Estévez Correa (1º ESO), Aida Blanco Chapela (1º ESO), Ana Muñiz Ramilo (1º ESO), Cristian Montes González (1º ESO), Ana Alonso Vila (1º ESO), Claudia Vidal González (1º ESO), Álvaro Romero Vila (1º ESO), Raquel Giráldez Lorenzo (1º ESO), Diogo dos Santos Silva (1º ESO), Laura Mazoy García (2º ESO), Laura Álvarez Bouzós (4º ESO), Juan González González (2º BAC), Lidia Blanco Cerradello (Departamento de Comercio e Marketing), Paula E. Flores Rodríguez (1º BAC), Paula Carneiro (1º ESO), Ana Rodriguez (1º ESO), Ainara Márquez Martínez (2º ESO), Iria Coto (2º ESO), Rizki Ghizlane (2º ESO), Jesica Mosquera (2º BAC), Sara Gómez (2º BAC), Yelena Caplonch (1º BAC), Noelia Pérez Rey (4º ESO), Guillermo Comesaña Casal (Departamento de Inglés), Julio César Abalde García (Departamento de Lingua Castelá e Literatura), David Barros Alfaro (Departamento de Música), Nuria Giráldez Pérez (1º BAC), María García Amoedo (1º BAC), Ana Ledo Romero (1º BAC), Cristian Fernández Soto (1º BAC), María Fernández Álvarez (2º ESO), Patricia Romero Grova (1º BAC), Juan Carlos Martínez Pérez (1º BAC), Iago Maceira Cortegoso (1º BAC), Joana Pinzás Rodríguez (1º ESO), Lourdes Toribio Pardo (1º ESO), Yolanda Ruiz García (Departamento de Educación Física e Deportiva), Profesorado de Tecnología e Alumnado de 3º da ESO, Samoa (1º ESO), Candelaria Nogueira Pérez (2º ESO), Diego Fernández Pérez (3º ESO), Miguel Ramírez Estévez (1º ESO), Sara Castro Pérez (1º ESO), Nerea Fernández Díz (4º ESO), Anair Martínez Alonso (4º ESO), Bianca Martínez Lemos (4º ESO), Mili Pérez Rocha (4º ESO), Esther Costoya Pérez (Departamento de Inglés), Personal non Docente do IES Ribeira do Louro, alumnado de 2º ESO C, Modesto Iglesias (2º BAC), Xosé Manuel Méndez (Departamento de Lingua Galega e Literatura), Pablo Lemos López (1º BAC) e Begoña Pedreira Chamorro (1º BAC). A todas e todos, moitas grazas.

Agradecemento especial polas súas contribucións (por orde alfabética): Julio César Abalde García (Departamento de Lingua Castelá e Literatura), Ana Alén (Personal non docente), David Barros Alfaro (Departamento de Música), Lidia Blanco Cerradello (Departamento de Comercio e Marketing), María Virginia Calviño Baltar (Departamento de Filosofía), Marina Collarte (Personal non docente), Guillermo Comesaña Casal (Departamento de Inglés), Esther Costoya Pérez (Departamento de Inglés), Lucila Durán Domínguez (Departamento de Lingua Castelá e Literatura), Delio García Represas (Departamento de Lingua Galega e Literatura), Olga M. Lalín García (Departamento de Inglés), Olimpia Gómez (Personal non docente), Arturo Longa Portabales (Departamento de Tecnología), Xosé Manuel Méndez (Departamento de Lingua Galega e Literatura), Raquel Rodríguez Parada (Departamento de Lingua Galega e Literatura), Yolanda Ruiz García (Departamento de Educación Física e Deportiva), Raquel Santaolalla Bejarano (Departamento de Tecnología), e o Equipo directivo na persoa de Juana Rosa Muñoz Ibernón, Ana Perdiguer Lago, Víctor García Fernández e María Carmen Pérez Veiga.

Coordinou esta edición: Eloy Gestido de la Torre (Equipo de Dinamización Lingüística)

IES Ribeira do Louro. Ribeira s/n, Torneiros, 36410, O Porriño, Pontevedra. (ies.ribeira.louro@edu.xunta.es)

Editorial

A dirección do instituto asómase a estas páxinas para achegarse a toda a comunidade educativa: alumnado, profesorado, persoal non docente, familias, e agradecerlle que continúen a remar xuntos na procura dun proxecto educativo e un marco de convivencia común que vele por un ensino público de calidade, por unha formación integral na que valores como a solidariedade, o respecto ás persoas, ao medio natural, á pluralidade ideolóxica, á diversidade, en xeral, sexan sinais de identidade do noso centro.

Xa hai ben anos que a revista Órbita segue fiel á súa cita anual, xerada polo Equipo de Dinamización Lingüística, que ten nesta e noutras actividades, como o teatro escolar, o *pista a pista*, a participación na xornada do *Correlingua*, etc., a importante misión de ser instrumento de potenciación do uso da lingua galega entre o estudantado; rememorando a Manuel María, unha das conciencias más sólidas da literatura galega e ao que este ano temos a honra de homenaxear e que noutrora escribiu:

*"O idioma é a forza
que nos xungue e sostén.
¡Se perdemos a fala
non seremos ninguén!"*

Vaia por diante o noso agradecemento a Delio, por impulsar e manter esta revista, e a Eloy, profesor de lingua galega chegado este ano ao centro que, con moita ilusión, vén de incorporarse a este

proxecto. Grazas tamén a todo o alumnado e profesorado que coas súas achegas contribúe a perpetuar a memoria do noso instituto.

Queremos aproveitar tamén estás páxinas para agradecerlle a Xosé Manuel Míguez, profesor de lingua galega que se xubilou durante este curso, o seu traballo e dedicación ao instituto durante tantos anos. Dende aquí desexarlle moita felicidade nesta etapa de merecido descanso que comeza a vivir agora.

Agradecer tamén ao profesorado que, de xeito eventual, está este curso no centro, a implicación e conexión co actual proxecto educativo, avogando para que poidan volver se teñen oportunidade e, de non ser así, desexarles un bo destino para o vindeiro curso.

Órbita é, por unha banda, un espello no que mirarse e por outra, unha ventá cara ao exterior para amosar as actividades e os momentos más salientes vividos ao longo do curso. Por iso é bo que todos, independentemente da etapa educativa na que esteamos, cada vez máis, nos habituemos a colaborar para que a edición sexa cada vez más representativa e plural.

Estamos convencidos de que así será.

A Dirección do IES Ribeira do Louro

O Porriño, maio de 2016



Saúdo do EDL

Presentamos con moita ilusión o número XI da revista *Órbita*, a publicación do IES Ribeira do Louro que se edita polo Equipo de Dinamización Lingüística do centro.

Como vén sendo habitual, *Órbita* é a plataforma de divulgación que dá a voz a todos os membros da comunidade educativa. O alumnado, o persoal do centro e quen queira expresarse a través deste medio ten sempre as portas abertas.

Despois de catro anos, tempo durante o cal se levou adiante a tarefa de editar os *Cadernos de Teatro*, desde este Equipo animámonos a retomar este cometido co apoio da dirección do centro. Para poder sacarmos á luz un novo exemplar da revista, foi imprescindible o traballo do profesorado e do alumnado, a quen queremos mostrar a nosa gratitudade desde estas liñas.

Os contidos que se ofrecen neste número son diversos e de moita calidade. Teremos ocasión de ler creacións de autor, exemplo da creatividade literaria do alumnado, así como outras producións

en forma de artigos, ensaios, entrevistas, etc., cuxa autoría corresponde tamén ao alumnado, profesorado e persoal non docente. En conxunto, esta edición serve como testemuño simbólico do enorme labor que se leva a cabo no centro.

Á vez, desde o Equipo pretendemos que a revista valla como recoñecemento ao papel activo que moitos profesores e profesoras xogan fóra de horario de forma desinteresada e comprometida ao organizaren actividades de diverso tipo (exposicións, charlas, festivais, etc.). O seu labor é moi importante, pois contribúe á dinamización social e cultural da comunidade educativa, sen dúbida, e ademais promove a formación humana do alumnado, fin último da educación.

Esperamos que gocedes moito da lectura da revista e agardedes con ansia unha futura edición.

Equipo de Dinamización Lingüística

O Porriño, maio de 2016



Números anteriores da revista *Órbita* (disponíbelas en versión dixital en: <http://www.edu.xunta.es/centros/iesribeiralouro/node/890>)

Premios do alumnado

II Concurso de Microrrelatos Amnistía Internacional 2016

Tres alumnas do noso instituto, María Domínguez Romero (3º ESO), Paula Alonso Mazorra (1º BAC) e Susana Roa Diz (1º BAC), resultaron finalistas no II Concurso de Microrrelatos Xuvenil organizado pola Rede de Escolas de Amnistía Internacional.

Alba Carrera Lorenzo (3º ESO)

O pasado xoves día 31 de marzo tivo lugar a entrega de premios do II Concurso xuvenil de microrrelatos de Amnistía Internacional. Os microrrelatos tiñan como tema *Primeiro as persoas, despois as fronteiras*, centrado nos refuxiados sirios coa finalidade de dar a coñecer mellor a situación pola que están pasando estas persoas. Explicouno moi ben a escritora e polítóloga Nour Al-Hussen Villa, a cal ten sobre nacionalidade, siria e galega. Ela contounos como estaba vivindo esta situación dende a súa posición, como a súa cidade Raqqa, onde ela vivía, estaba sendo destruída por unha guerra, como os seus veciños e familiares tiñan que marchar do seu país, entre outras moitas cousas. Tamén asistiu o escritor Francisco Castro, quen aproveitou para presentar o seu novo libro *Amor é unha palabra como outra calquera*. Para finalizar o evento, entregáronse os premios aos gañadores e finalistas, entre os que estaban tres das nosas compañeiras do IES Ribeira do Louro, que constaban dun lote de libros e unha pequena escultura dunha artista de Goián.



Paula (esquerda), Susana e María (dereita), durante o acto

Perseguindo a liberdade

Ata hai uns meses vivía en Damasco, con meus pais, miña irmá Zaahira e o noso irmán pequeno Farid, cando todo cambiou. Chegou a guerra, e con ela o medo e a desesperación que aniñaron en nós. Todo se tinguiu de gris, encheuse de ruínas, persoas mortas e outro tanto berrando desconsoladamente. Tras os bombardeos, o lugar onde viviamos quedou reducido a escombros como moitos outros, mais unha das bombas caeu de pleno na nosa casa e quedamos atrapados. Conseguimos saír con vida, todos menos Farid. Estivemos días sen un teito no cal refuxiarnos e vímonos obrigados a abandonar o país, para polo menos intentar salvar o escuro futuro que nos agardaba. Dirixímonos cara a Turquía, meu pai, Zaahira e mais eu. El non quere que falemos de mamá, di que nos abandonou. Eu sei que sería incapaz de facelo. Meu pai maltratábaa,

insultábaa, pegáballe boas malleiras e prohibíalle relacionarse con calquera distinto aos seus fillos.

E esta vez acoitelouna ata acabar con ela, e sei-no porque o vin eu mesmo.

Levamos semanas camiñando sen descanso, sen auga nin nada para alimentarnos, ata tal extremo que decidimos comer area para distraer a fame. Xa na fronteira, agardo que este novo mundo sexa diferente, non ter a preocupación de se mañá seguiremos vivos ou non, ter o medo no corpo. Quero esquecer a guerra e ser feliz, cruzar a porta da liberdade e selo dunha vez por todas.

Chámome Farûq e teño doce anos. Son sirio, musulmán, árabe... Son persoa.

Maria Domínguez Romero (3º ESO)

Salir de aquí

Llevo días encerrada. He perdido la cuenta. No puedo ver el sol. Me falta mi hijo. Le he perdido, es mi culpa, es mi culpa. No olvido la última vez que vi su preciosa cara, aquella sonrisa de su padre. Recuerdo sus gritos cuando fue arrebatado de mis brazos. Oigo otra vez pasos en el exterior de esta jaula en la que estoy, ¿serán otra vez ellos? Un enorme escalofrío me recorre la espalda, cierro los ojos y las lágrimas caen sin control por mis mejillas. Quiero escapar de todo esto, quiero ver a mi hijo y poder resguardarme en la seguridad de mi hogar. Quiero que cese esta guerra de una vez. Quiero saber por qué no paran todo esto, quiero creer que podrá acabar algún día esta lucha de locos. Les escucho, se están riendo. Noto como la oscuridad

que me rodea se desvanece. Unas manos rodean mis tobillos y tiran de mí. Son ellos otra vez. No puedo cesar mi llanto. Trato de hacer acopio de mis fuerzas, sacarlas de donde ya no las hay, porque tengo que salir de aquí. Consigo zafarme de sus manos, y me pongo en pie, pero un golpe tan fuerte como sonoro en mi rostro me derrumba en el suelo. Me están atando, se burlan. Y así, maniatada, noto como sus sucias manos me recorren, puedo ver en sus rostros sus intenciones. Me revuelvo en mis ataduras sin conseguir soltarme. Otro golpe, y noto como la sangre emana de mis labios. Sólo deseo salir de aquí.

Paula Alonso Mazorra (1º BAC)

Como siempre


Me desperté después de escuchar los gritos de un bebé llorando. Como siempre. Caminé hacia el regato situado al lado del campamento para asearme y beber. Como siempre. Acudí a la base de la ONG situada allí para solicitar mi ración de comida diaria. Como siempre, y volví a mi tienda.

Me senté a reflexionar. Como siempre, y aquí estoy pensando sobre la monotonía.

Antes mi vida era siempre lo mismo, me levantaba y veía a mi familia, me iba a trabajar y veía a mis amigos, volvía a casa y veía a mi familia de nuevo para acabar durmiendo plácidamente. Ahora, me despierto y mi familia no está, no voy a trabajar y mis amigos tampoco están pues todos han muerto. La guerra se lo ha llevado todo. Vidas de gente inocente. Pero para algunos la muerte se prolonga y se convierte en este limbo donde algunos Estados nos mantienen pues primero son las fronteras, los intereses económicos, y todo lo demás y luego las personas.

Aquí termina el stand by de mi muerte. Suerte a los que continúan en este mundo despiadado.

Susana Roa Diz (1º BAC)



As premiadas lerón cadanseus textos

XLIV Premio Literario Minerva

Anosa alumna de 2º BAC, Laura Dauzón Otero, foi premiada co 3º accésit de poesía da XLIV edición do prestixioso Premio Literario Minerva, convocado anualmente polo Colexio M. Peleteiro de Santiago de Compostela. A esta edición acudiron 178 estudiantes galegos con idades comprendidas entre os 15 e os 17 anos.

O acto de entrega de premios foi celebrado o 6 de abril en Santiago de Compostela e estivo mantido polo escritor e xornalista Xosé Ramón Pena. A mesa presidencial tamén contou cos membros do xurado Armando Requeixo Cuba, Luís Alonso Girgado, Manuel Quintáns Suárez e Teresa González da Silva, secretaria do certame e profesora do centro educativo; o concelleiro Jorge Duarte e o director do centro educativo Luís Peleteiro Ramos.

Neste acto, os autores premiados lerón unha parte da súa obra, que serviu como adianto á publicación do libro que recollerá integralmente os traballos, e que será editado polo colexio organizador.

Para a modalidade de poesía, o xurado estivo presidido polo investigador do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e crítico literario Luís Alonso Girgado, xunto co poeta Luís Valle Regueiro, a poeta e narradora Diana Varela Puñal, o poeta e tradutor Eduard Velasco e o profesor e poeta Mon Buhigas, que actuaron como vogais.

Os premios Minerva son os más antigos que se convocan en Galicia, cuxa primeira edición é de 1963. Importantes escritores galegos foron premiados con este galardón: Xesús Rábade, Darío X. Cabana, Suso de Toro, Xavier Queipo, Neira Cruz, Ánxel Penas, Rei Ballesteros, Olga Novo, Rafa Villar, etc.



Laura sostendo a prestixiosa medalla



Laura Dauzón durante o acto de lectura da obra premiada



Fotografía de grupo dos premiados e membros do xurado

A inspectora de educación felicita os premiados

Ainspectora de educación, D. Margarita García, expresou formalmente as súas felicitacións polos premios obtidos por parte das alumnas María, Paula, Susana e Laura tanto na edición dos Premios Minerva como do concurso literario de Amnistía Internacional. O escrito foi remitido ao noso centro o pasado día 9 de abril:

Quero expresarlle as miñas felicitacións, que rogo fagan extensivas ás citadas alumnas e a todo o profesorado polo éxito acadado. Así mesmo, animo a toda a comunidade educativa a continuar coa liña de traballo, esforzo e dedicación que ten establecida en prol dunha educación de calidade e para todos.

Actividades do centro

Club de lectura BiblioRibeira

Club BiblioRibeira

OIES Ribeira do Louro, a través da súa Biblioteca, continúa coa tradición anual de organizar o Club de Lectura BiblioRibeira. A grande aceptación que cada ano ten este club maniféstase pola numerosa participación que acada e polas opinións favorables dos seus integrantes. Neste curso, o número total de membros chegou aos sesenta alumnos. Coordinados por profesorado do centro, o alumnado dividiuse en grupos diferentes e asignáron-selles en función da idade unhas catro lecturas por grupo.

Os libros que se escollerón foron:

- *Matar a un ruiñor*, Harper Lee
- *Granxa dos animais*, George Orwell
- *Lume de cobiza*, Miguel Anxo Fernández
- *La cena secreta*, Javier Sierra.
- *Bieito Dubidoso*, Roque Cameselle.
- *Campo de fresas*, Jordi Sierra i Fabra.
- *Chamádeme Simbad*, Francisco Castro.
- *La fórmula mágica del profesor*, Yoko Ogawa.
- *Un bosque cheo de faias*, Francisco Castro.
- *La lección de August*, R.J. Palacio
- *Donde aprenden a volar las gaviotas*, Ana Alcolea

Cada xuntanza realizañase o segundo martes de cada mes e serve para poñer en común o lido (o estilo literario, os personaxes, os temas, etc.). As experiencias do libro acaban sempre derivando nas vivencias persoais dos membros do club, ás cales se lles engade a opinión persoal. Utilizando a lectura, cada xuntanza serve para compartir e intercambiar, e para debater desde o respecto aquilo que cada un pensa e sente en relación aos temas tratados. A interpretación do texto que cada membro achega desde os seus gustos particulares é un punto de vista que enriquece os demás.

Pero o Club de lectura BiblioRibeira non é só iso. A súa clave principal é que os encontros, ademais, son reunións de compañeiros de clase e amigos que se introducen na fascinante aventura da lectura conxunta, que ofrece un mundo aberto de posibilidades.

No mes de maio, o Club remata o curso cunha pequena excursión para realizar un roteiro literario por Monforte e Ferreira de Pantón.

Un club de lectura é una actividade de promoción da lectura que consiste na reunión periódica dun grupo de persoas que len ao mesmo tempo un libro. Cada un faino na súa casa e despois organízase unha reunión para poñer en común as páxinas avanzadas desde o encontro anterior.

Opinións sobre o club:

A verdade é que me gustaron estas sesións. A min gústame moito ler, pero normalmente cástame atopar libros, sen razón algúnhha, e aquí encontrei libros moi bos. Estes catro libros emocionáronme e encantáronme, sobre todo, *La lección de August*. [Samuel Barros Ferreira, 2º ESO]

Este, para mi, é un gran club. Pásao moi ben, e gústame ler. Hai bos libros, e quedar cos amigos a comer mola. Dos catro libros, o que máis me gustou foi *Donde aprenden a volar las gaviotas*. Despois de reflexionar sobre cada libro, faciámmonos preguntas sobre el, ou navegabamos por internet para buscar información sobre algúns deles. [Hernán Rodríguez Iglesias, 2º ESO]

Eu estes días no club de lectura paséino moi ben. Dos libros que lemos, os que máis me gustaron foron *La lección de August* e *Chamádeme Simbad*, xa que nos presentan cousas moi comúns nas nosas casas e no colexiu (alzhéimer, bullying...). O club de lectura paréceme unha actividade interesante xa que nos dan a coñecer libros e autores que non coñeciamos. [Clara Lorenzo Martínez, 2º ESO]

O club de lectura é moi entretido e o libro que máis me gustou foi *La lección de August*, porque nos conciencia sobre o bullying. [Adrián Lemos Martínez, 2º ESO]

O IES Ribeira do Louro organiza una actividade extraescolar, chamada Club de Lectura, coa cal un mestre nos dá un libro, nós lémolo e, no prazo dun mes, volvémonos reunir para facermos valoracións e preguntas. Incluso unha vez veu o escritor de *Un bosque cheo de faias* e *Chamádeme Simbad*. O noso profesor fainos presentacións en Power Point cunhas preguntas base. [David Rodríguez Conde, 2º ESO]

Visita de Francisco Castro

A conferencia tivo lugar no Día do Usuario das Bibliotecas. Os integrantes do club de lectura puideron asistir á extraordinaria conferencia na que o escritor abordou con gran claridade temas como o alzhéimer, o racismo, a apofobia ou a violencia de xénero. Organizada polo Club de Lectura BiblioRibeira en colaboraron coa Editorial Galaxia e mais o Equipo de Dinamización Lingüística do instituto.

María Gómez Piñeiro (2º ESO)

Odía 11 de xaneiro de 2016 visitounos o escritor Francisco Castro, que veu falarnos dos libros que este ano lemos no Club de Lectura do centro. Francisco contounos nun primeiro momento que foi profesor de filosofía, profesión que hai oito anos deixou para dedicarse á edición de textos. Tamén dixo que se ergue moi cedo todos os días, ás cinco da mañá, para facer o que máis lle gusta: escribir.

Francisco Castro escribe para comunicarse e para cambiar o mundo. *Un bosque cheo de faias* é un libro que fala sobre unha das violencias más absurdas que existen: a racista. *Chamádeme Simbad*, pola súa parte, é un libro que trata sobre o alzhéimer, unha enfermidade que padeceu a súa nai no ano 2013. E escríbenos para dicir que hai persoas que é necesario atendelas cun mimo e coidado extremo. Ambos libros foron merecidamente premiados.

Eu levei unha impresión moi boa de Francisco. É unha persoa graciosa e amable, e durante a súa

charla lanzaba mensaxes importantes. Nótase que lle gusta ler e escribir, que vive a súa profesión, e recoñece que é importante estar conectado para saber o que pasa no planeta. Dinos, indignado, que neste país se malgastan os cartos, cando poden ser utilizados para moitas outras cousas. Especialmente emocionante foi cando explicou o doloroso que lle resultou ver que a súa propia nai non se acordaba del, cando falou do alzhéimer. Tamén explicou que a orixe do título *Un bosque cheo de faias* se encontra na tradución do nome do campo de concentración nazi máis cruel, Auschwitz.


Francisco é unha persoa increíble. Encantoume a súa forma de dirixirse a nós. Fixo que o tempo que estivo falando pasase voando. Quedei encantadísima de coñecelo.



O acto foi presentado por Abraham Fernández Dávila (2º ESO)



Francisco Castro durante o acto



Portada dun dos libros

Día das bibliotecas. Lectura de poesía compartida

Olga M. Lalín García (Blog BiblioRibeira)

O pasado 4 de novembro celebramos o Día das Bibliotecas Escolares colaborando nun recital poético organizado pola biblioteca Biblosvivos do IES Pedras Rubias, de Salceda de Caselas. Para a ocasión empregouse a obra *Con textura de fume*, que reúne os poemas presentados a concurso por alumnas e alumnos de diferentes centros escolares, premiados ou seleccionados no Certame Rosalía de Castro de Poesía Escolar 2015.

Un acto entrañable, no que a música acompañou, un acto cheo de emoción, unha viaxe poética que nos permitiu afondar en sentimientos expresados a través das palabras do noso alumnado.



Do noso centro participaron Sara Norniella López (ganadora do Premio de Poesía Rosalía de Castro 2015 na categoría do 1º ciclo da ESO.), Laura Mazoy García, Clara Lorenzo Martínez e Daniel Otero Otero.

Visita o Blog do centro: <http://biblioribeira.blogspot.com.es/>

Teatro co grupo A Tecedora de Soños de Verín

Hai un ano, o Grupo de Teatro do Equipo de Dinamización Lingüística do noso centro ía ao IES Taboada Chivite, en Verín, para representar o *Edipo rei*, de Sófocles. Pois ben, neste 10 de novembro foron eles quen viñeron ao noso instituto, a través do grupo de teatro A Tecedora de Soños, para montar dúas obras ben diferentes pero que, no fondo, tratan un mesmo tema, a guerra: a tragedia grega *As troianas*, de Eurípides, e a comedia *Es la guerra*, de José L. Alonso. Desde aquí queremos agradecer que viñesen compartir connosco unha inesquecible tarde de teatro.



Podes ver a representación da obra neste vídeo: <https://youtu.be/IwCsCnmOQhA>.

Torneiros contra a Violencia de Xénero

O 25 de novembro de 2015, diante do noso instituto, concentrouse toda a comunidade educativa de Torneiros (IES Ribeira do Louro, CEIP Antonio Palacios, CEIP da Ribeira, ACEESCA) e o Centro de Maiores para conmemorar o Día Contra a Violencia de Xénero. O acto comezou coa formación dunha cadea humana, que despois foi seguida da lectura de poemas e narracións, e finalizado cunhas verbas da alcaldesa do Porriño. A xornada completouse, xa no interior, coa interpretación dun relato musicado e a canción *Imagíne* por parte dalgúns alumnos coa actuación en directo do alumnado de música.



Con estas fermosas palabras resume a profesora Olga Lalín (Blog BiblioRibeira) o día:

As mans fixeron unha cadea e os beizos leran poemas que atoparon espazo no ambiente pesado dun día de néboa.

Educando en igualdade. En contra da violencia machista

Olga M. Lalín García (Departamento de Inglés)

Dende a materia de inglés sumámonos á proposta da biblioteca escolar e conmemoramos cada ano o día en contra da violencia de xénero. O alumnado traballa empregando diferentes medios expresivos: textos e fotografías inspirados na lectura de poemas como *O deseño das mans* de Helena Villar Janeiro.

O pasado 25 de novembro escollemos o poema de Gioconda Belli "The man who loves me" para realizar unha lectura colectiva en inglés que poderedes atopar no blog de aula "Wear your heart on your sleeve" <https://educacionetic.wordpress.com/>. Foi a nosa achega en inglés para visibilizar o drama en feminino.



A situación dos Dereitos Humanos no Brasil

Esta motiva conferencia sobre a situación dos dereitos humanos no Brasil, a cargo de Renata Nede, xeógrafa e especialista en planificación e política urbana, e mais Ana Paula, pedagoga. A charla tivo lugar no IES Ribeira do Louro o 26 de novembro de 2015, grazas á colaboración da sección de Vigo de Amnistía Internacional. No noso centro, a actividade foi coordinada por Virxinia Calviño.



Foto de grupo realizada despois da conferencia. Á esquerda, sostendo a pancarta, podemos ver a Ana Paula.

Sinaturas polo Día dos Dereitos Humanos

Laura Vila Collazo (1º BAC)

O 10 de decembro de 2015, varios alumnos do IES Ribeira do Louro, xunto coa profesora Virxinia, organizaron unha campaña de recollida de sinaturas en defensa de Rania al-Abbasi, a súa familia, Yves Makwambala e Freud Bauma. Estableceuse unha mesa informativa e promocional.



Radia e o seu marido, Abdulrahman Yasin, xunto con cinco dos seus fillos: Dima, Entisar, Najah, Alla e Ahmed

Rania al-Abbasi. O 9 de marzo de 2013, Rania al-Abbasi e a súa familia foron detidos polas forzas de seguridade sirias.

Yves e Fred. Yves Makwambala e Freud Bauma foron detidos en marzo de 2015 cando participaban nunha conferencia de prensa do movemento xuvenil que anima aos máis novos a participar en accións e debates políticos pacíficos.



Yves Makwambala e Freud Bauma



A profesora Virxinia con tres alumnos de 1º de BAC

Información e imaxes: www.es.amnesty.org



Alumnado durante a recollida de sinaturas

O Día dos Dereitos Humanos celébrase todos os anos coincidindo co momento en que, en 1948, A Asamblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

A asamblea xeral proclama a Declaración de Dereitos Humanos como ideario común polo cal todos os pobos deben esforzarse co fin de que tanto individuos como institucións, inspirándose nela, promovan o respecto por estes dereitos e liberdades, así como o cumprimento das súas obrigas.

Estudantes pola Paz. Día Escolar da Non Violencia e da Paz

O 1 de febreiro conmemorouse no centro o Día Escolar da Non Violencia e da Paz. A principal actividade que se realizou foi *Estudantes pola Paz*, actuación que consistiu na lectura dunha escolma de poemas e outros textos escritos polo propio alumnado, fundamentalmente, de 1º da ESO. O acto estivo presentado por Sara Paramos Alonso (1º BAC) e rematou coa actuación musical dun grupo de alumnos de música para interpretar a canción *We are the World*. Presentamos, a seguir, unha escolma dos textos lidos neste día.



Un dicionario eu quero facer
de palabras fermosas o quero encher
palabras de paz que axuden a medrar,
palabras amables que quero escoitar.
Ledicia, agarimo, amor, amizade,
aperta, agasallo, bico e diversidade.
No meu dicionario non quero ter
palabras que alguén fagan adoecer,
contenda, liorta, tristura, pesar,
desacougo, inquedanza non quero escoitar.

Diego Fernández Pérez



Imaxina ti un mundo
cheo de moitos amores,
iso é o que eu quero
pois non desexo que chores.

A tristura que eu teño
vén de tantos horrores,
abráiome coas noticias
e mudo balas por flores.
Eses nenos preguntan
o porqué das súas dores,
non entenden qué pasa
na guerra cruel dos maiores.

E só vos quero dicir:
tornade tristura por cores.

Antonio García Torres (1º ESO)

Paz, paz, paz
é o que reclama o rapaz.
Non á guerra
e si á paz na terra.
Non á guerra
é o que o neno berra.
Por que a morte
é cuestión de sorte?
Porque a miña morte
non a elixe ninguén.
Porque a miña morte
non a elixe un fusil.
Por que a miña morte
é cuestión de sorte?

Pablo Otero Sales

UN SORRISO DE CORES

Un belido arco da vella
no ceo che vou pintar,
con todas as súas cores
eu quérote alegrar.

Verde, verde de esperanza
e o vermello de paixón
deixa toda esa inquedanza
pon a paz no corazón.

Pensa, ti que aí estás,
nunca debes esquecer
que a desexada paz
tan só nun sorriso tes.

Silvia Bastos Rodríguez (1º ESO)

Non quero más guerras,
non quero más prantos,
non quero máis armas,
que fagan máis dano.

A paz é un indicio,
a paz é un sinal,
é algo necesario
e ben fundamental.

Xuntemos as nosas mans,
cavilemos no que é mellor,
deixemos xa as armas,
non esquezamos o amor.

Paula Valencia Pereiro
(1º ESO)

AS LETRAS DA PAZ

Quero un P, quero un P
para parar, para parar
esas guerras que nos fan chorar.

Quero un A, quero un A
para abrazar, para abrazar
ese amor que ti podes dar.

Quero un Z, quero un Z
para zapatear, para zapatear
esas persoas que te queren magoar.

Anxo Romero Ferreira
(1º ESO)

PAZ

Non hai mellor palabra
para berrar aos catro ventos,
e amosarlle esa mensaxe
a todo o universo.
Vexo un mundo angustiado
no que a fame predomina,
no que o home é maltratado
onde queira que camiña.
Vivimos nun inferno eterno
do cal non se pode escapar,
fartos de tanto odio
cansos de tanto esperar.
Oxalá o mundo esperte,
oxalá floreza o amor,
Oxalá de nós afastemos
baleiro e desolación.

Andrea Estévez Correa
(1º ESO)

O neno paz reclama,
con el trae un programa,
un mundo sen dor e sen drama.

O neno paz entregou
por todo o que el amou.

Cristian Montes González
(1º ESO)

A xente escapa das guerras
para buscar unha nova vida,
non quere a loita
nin quere a fuxida.

Álvaro Romero Vila (1º ESO)



MUNDO EN PAZ

Paz!
Paz de espírito, paz de corazón.
Paz!
Paz de mente, paz interior.
Paz!
Non posúo, non cobizo, non desexo.
Paz!
Non envexo, non compito, non peleo.
Paz!
Paz en ti, en min, en todos.
Paz!
Paz na Terra, no ceo, no cosmos.
Paz!
Un a un, todos xuntos, en manada,
dende a nosa humanidade abandonada,
cambiemos o mundo!
Paz!

Aida Blanco Chapela
(1º ESO)



Que pasa coa Terra
que estamos a destruir?
Non hai paz, só hai guerra
e todos queren fuxir.

Aquel neno choraba
para volver ao seu país,
porque o seu pai sangraba
e el quere estar feliz.

Raquel Giráldez Lorenzo
(1º ESO)

Choven gotas vellas
vellas gotas de dor
tantas todas elas
tantas con pouco amor.

Esa chuvia vella
vai a nova cambiar
porque acabou a guerra
e toca agora soñar.

As novas pombas brancas
levan cartas de amor
a esas casas albas
cheas de gran paixón.
Velaí as cousas boas
que dá o doce soñar
con amor e pombas
un novo mundo inventar.

Ana Muñiz Ramilo
(1º ESO)

Por que pelear
e non axudar?
Non é mellor rir,
cantar e vivir?

Branco, amarelo ou vermello,
todo iso é moi sinxelo,
cun aloumiño ou caricia
todos nos enchemos de ledicia.

Ana Alonso Vila
Claudia Vidal González
(1º ESO)

Un bonito océano
con ondas de sal,
un bonito océano
con ondas no mar.

Van e veñen os soños
pero non deixan de alumiar;
van e veñen os soños
con esperanza de quedar.

Diogo Dos Santos Silva
(1º ESO)

Unha verdade inxusta

A paz é un libro infinito,
con moitas follas de soños,
de tranquilidade, de ausencia
de guerra ou violencia, ao que
todos nos unimos recitando poemas,
sensacións positivas, recordos, desexos,
sentimentos non egoístas, amor...
Pero nunca conseguimos o que amamos,
o que realmente queremos que aconteza,
unha paz social, universal, coa que todos
nos deamos a man, acendamos as luces,
os nosos ollos brillen de ledicia,
os nosos oídos escoiten a fermosa melodía,
e as verbas saian brincando polos nosos beizos,
pero iso, iso, parece non ocorrer. Cando chegará o día!!!

Laura Mazoy García (2º ESO)

Discurso pola Paz (fragmento)

Juan González González (2º BAC)

Neste cárcere que algúns chaman España, 20 persoas acumulan tanta riqueza coma os 14 millóns máis pobres; unha muller cobra de media un 20% menos ca un home; cada día son desafiuadas 180 familias e máis de 500.000 galegas e galegos tiveron que emigrar desde 2008. E é lóxico que eles non falen dunha realidade pacífica, de recuperación e de crecemento, pois esas cascudas non teñen nin ética nin saben o que significa a palabra moral; por iso poden soltar pola boca todas as fala-
cias que queiran sen notar como se lles apodrece a alma. E o triste non é que eles o digan, porque é lóxico que así falen; o triste é que o pobo repita o que din os seus verdugos e que se empeñe en ver realidades que non existen; o triste é que nos creamos libres cando a nosa única liberdade é elixir quen vai escravizarnos.

Paz Paz Paz Paz
de encontrar a verdade
en violencia, só Paz é buscado en Deus

Poema futurista de Laura Álvarez Bouzós (4º ESO)

Basta xa de aceptar como normal esa hipocrisía burguesa de dicir que vivimos nun país pacífico. Basta xa de crer os contos que a televisión nos vomita e de buscar inimigos imaxinarios. Porque quen nos priva da Paz, quen nos priva da xustiza social, non son os refuxiados, nin son os cataláns, nin é Venezuela nin ningún deses inventos dos medios de manipulación ao servizo do capital; o inimigo non leva burka nin farrapos nin unha bandeira diferente; o inimigo leva gravata, a súa patria é o diñeiro, e a súa riqueza depende de privar dela aosbraceiros deste sistema escravista.

E na conmemoración dun día como este, eu quixera recordar que querer a Paz significa declararse inimigo dos que privan ás persoas dela; implica ser solidario, e non lavarse a conciencia dando esmolas a Bancos de Alimentos ou a ONGs que non fan máis que pór parches a unha catástrofe humanitaria que non ten límites.



Momento da lectura do poema *Imposible un mundo de paz*, por Sara Norniella López (3º ESO)



Poema futurista de Laura Álvarez Bouzós (4º ESO)

O IES Ribeira do Louro participa no vídeo de Amnistía Internacional en defensa dos refuxiados sirios

Dende o inicio do conflito armado en Siria, centos de milleiros de persoas víronse obrigadas a abandonar o seu país para fuxiren da violencia.

É para todas esas persoas, que están vivindo unhas circunstancias tan duras, a nosa mensaxe de esperanza.

Algún día atoparán o camiño de volta á casa.

Todos somos o mesmo. Tédesnos nos vosos corazóns.



Con estas palabras comeza o vídeo dedicatoria que a ONG da Rede de Escolas de Amnistía Internacional Galicia elaborou en homenaxe ao refuxiados sirios. Nel interveñen numerosos centros educativos de Galicia, entre os cales se encontra o IES Ribeira do Louro. Incluímos as imaxes (á esquerda) dos tres momentos en que aparece o centro.



Video: <https://www.youtube.com/watch?v=IHoTKne1m4>

Celebramos o Entroido 2016

Presentamos os diversos actos que foron organizados no centro para a celebración do Entroido 2016.

Charla sobre o Entroido tradicional de Galicia

Con motivo da celebración do Entroido, a profesora do IES Ribeira do Louro Lidia Blanco Cerradelo ditou unha conferencia sobre o Entroido tradicional en Galicia representando pola experiencia do celebrado en Xinzo de Limia. A charla, organizada polo Equipo de Dinamización, tivo lugar no salón de actos do centro no día 3 de febreiro do 2016. Laura Mazoy dános no seguinte texto as liñas principais que se comentaron neste acto.

Laura Mazoy García (2º ESO)

O Entroido en Xinzo vívese con moito sentimento. É unha festa tradicional declarada de interese turístico nacional, e pertence ao patrimonio cultural da vila. Celébrase cada ano durante cinco semanas sen interrupcións, polo que é o Entroido máis longo de España. En Xinzo podemos atopar un museo permanente con información e mostras representativas.

O elemento más significativo do Entroido, que é símbolo de Xinzo, é o seu único e exclusivo disfraz, a pantalla, que ademais ten unha peculiar e singular máscara. A persoa que leva este disfraz debe divertirse, comer, fazer bromas, troulear. É a encargada de buscar persoas de Xinzo que saian sen disfrazar, para entoar unha cantiga e que os inviten a unha rolda de viño.

O traxe consta dunha capa negra ou vermella, cunha faixa da mesma cor, un cinto dotado de campás, camisa e pantalón de liño branco, fitas de adorno rematadas nunha flor decorativa, pano, luvas e polainas de fieltro, zapatos negros e unha vexigas secas infladas utilizadas a xeito de tambores. A máscara está feita para que non se vexa a cara, cun sombreiro de fieltro e careta de cartón pintada con símbolos astrais. Tamén ten tea e flocos. En conxunto, cando a pantalla se move e fai soar as campás, e golpea as vexigas para que soen, continúan transmitindo o mesmo son de orixe medieval.

A festa comeza o día do Petardazo (16 de xaneiro), que ten un reloxo especial que realiza unha conta atrás desde o ano anterior ata as doce en punto do



A profesora Lidia durante a charla

día de inicio, momento en que se comeza a festa. As celebracións más importantes son o Domingo Fareleiro (con batalla de fariña e farelo), o Aforcamento do Meco (personaxe que remata sendo aforcado e queimado), o Domingo do Oleiro (na que se tira unha ola ao aire e teñen que collela coas mans sen que rache), Noite de Corredoiro (dedicado á xuntanza das mulleres) e o Domingo de Corredoiro (xuntanza das pantallas e onde afloran os sentimentos más puros do respecto e tradición do Entroido).

A partir desde momento, a festa coincide co Entroido doutros lugares de Galicia. Hai música, desfiles de comparsa, charangas e carrozas día e noite. O mércores fan enterro da sardiña, que ten a súa orixe no século XVIII. O domingo de piñata pon fin á festa e os últimos pantallas despídense.

Mais que unha tradición, o Entroido para a xente de Xinzo é un sentimento.

Decoración para o Entroido

Lidia Blanco Cerradelo (Departamento de Comercio e Marketing)

O alumnado de Formación Profesional Básica de Servizos Comerciais realizou a decoración para o Entroido do presente ano. Unha parte desta decoración baseouse na exposición dunha mostra representativa das máscaras tradicionais do Entroido da provincia de Ourense. Velaquí vos deixamos algunas fotos!



Felo (Maceda)



Vergalleiro (Sarreaus)



Cigarrón (Verín)



Pantalla (Xinzo de Limia)



Boteiro (Vilariño)



Peliqueiro (Laza)

Festival de Entroido

O venres 5 de febreiro tivo lugar a celebración do Festival de Entroido. Os diferentes grupos de ESO e FP Básica participaron con distintas comparsas e actuacións. Constituíuse un xurado que premiou as mellores comparsas. Recollemos nestas imaxes algúns momentos do acto:



Día Internacional da Muller

Como cada ano, desde o curso 2007/2008, o instituto, a través do departamento de Filosofía, conmemora o Día Internacional da Muller organizando unha representación de monólogos de *Grandes Mulleres da Historia*. Un grupo de estudiantes asumen por un momento o rol de personaxes femininos sobranceiros, áinda que tristemente pouco coñecidos, e realizan as súas actuacións por todas as aulas do centro durante as horas de clase. As representacións tiveron lugar o martes 8 de marzo, coincidindo co Día Internacional da Muller. Reproducimos dous dos monólogos lidos:



As *Grandes Mulleres* durante unha representación

HIPARQUIA

Bos días. Chámome Hiparquia e moitos considéranme a primeira feminista da historia, se entendemos o feminismo como a crítica e o cuestionamento dos roles sociais en base ao sexo e a loita contra o patriarcado, é dicir, esa situación de distribución desigual do poder entre homes e mulleres, na cal os varóns teñen preeminencia. Nacín no século IV na cidade de Maronea, no norte de Grecia. Crieíme no seo dunha familia acomodada, pero xa con 15 anos comecei a interesarme pola filosofía cínica, a cal predicaba a sinxeleza como único camiño para acadar unha vida feliz e facíao con palabras e con actos. Así, desprendinme de todas riquezas e renunciei a calquera tipo de propiedade, porque tamén para mim a sinxeleza implicaba quedarse só co mínimo, tamén no relativo aos costumes sociais, o que moitos non entendían. Fun discípula de Crates de Tebas, con quen contraín matrimonio. Asistía ás xuntanzas dos filósofos do meu tempo, onde expuña as miñas ideas e nunha ocasión enfrenteime a Teodoro "o ateo", dado que el non estaba de acordo con que una muller se dedicara á filosofía e, moito menos, que fora ás súas xuntanzas, esquecendo o que el dicía que eran os nosos deberes domésticos. Nesa vez chegou a dicirle con retranca: "Paréceche, se cadra, que mirei pouco por mim ao darles ás ciencias o tempo que debía empregar tecendo". Escribín tres libros, como o que se titula *Hipóteses filosóficas*, mais lamentablemente, no tempo en que vivides, non se conserva ningún deles. Moitas grazas.



Paula E. Flores Rodríguez (1º BAC) interpretou a Hiparquia

NAOMI KLEIN

Bos días. Chámome Naomi Klein e son unha das xornalistas más influentes no panorama internacional. Nacín en 1970 en Montreal, Canadá. Meus pais eran de EEUU pero tiveron que mudarse a Canadá en 1967 por seren pacifistas e declararse en contra da guerra do Vietnam. Se tivese que citar os dous libros más importantes que ata agora levo publicado, diría que son dous, *No Logo: O poder das marcas* e mais *A doutrina do shock*.

No libro *O poder das marcas* analizo a enorme influencia que teñen na nosa sociedade as grandes corporacións multinacionais, como Nike, McDonald's, etc., e os seus efectos negativos: moitas das súas fábricas están en países do Terceiro Mundo, nas que os traballadores teñen xornadas laborais de máis de 14 horas e non contan coa posibilidade de formar sindicatos nin de poder manifestar os seus dereitos, por medo ás represións. De adolescente gustábame mercar produtos das marcas famosas que vía por televisión; agora xa non o fago. O outro coñecido é *A doutrina do shock*, que é unha estratexia perversa que se puxo en práctica en moitos países e que consiste no seguinte: agardar a que se produza unha crise de gran magnitud (un golpe de Estado, unha invasión militar, unha catástrofe ambiental ou unha crise económica forte), para pór en marcha unha serie de medidas económicas consistentes en privatizar empresas públicas e retallar drásticamente en dereitos e servizos sociais. Segundo esta teoría, mentres a xente se recupera do shock ou trauma colectivo, é más doado que acepte esas "reformas". Moitas grazas.



Susana Roa Diz (1º BAC) interpretou a Naomi Klein

Mulleres da Historia 2016



Téano
(Paula Carneiro, 1º ESO)



Gae Aulenti
(Ana Rodríguez, 1º ESO)



Ada Byron
(Clara Lorenzo, 2º ESO)



Dian Fossey
(Ainara Márquez, 2º ESO)



Olympe de Gouges
(Iria Coto, 2º ESO)



Rosalía de Castro
(Rizki Ghizlane, 2º ESO)



María Zambrano
(Jesica Mosquera, 2º BAC)



George Eliot
(Sara Gómez, 2º BAC)



Emma Goldman
(Yelena Caplonch, 1º BAC)



Mulleres da Historia 2016

Día mundial da poesía 2016

Para conmemorar este día e como se vén facendo desde hai varios anos, a biblioteca do centro organiza un encontro interxeracional entre o alumnado do instituto e as persoas do Centro de Maiores de Torneiros. Nesta ocasión, o acto tivo lugar o venres día 18 de marzo no Centro de Maiores.

Olga M. Lalín García (Blog BiblioRibeira)

O alumnado preparou unha escolma de poemas para seren lidos diante dos maiores, algúns de autores tan coñecidos como Rosalía de Castro e Antonio Gamoneda, e outros de producción propia dalgunhas alumnas. Todos pensabamos que sería un agasallo ben fermoso.

Os nosos maiores, pola súa parte, prepararon tamén unha escolma de poemas que nas súas voces, marcadas polo paso dos anos, perduraron nos nosos oídos e mesmo fixeron que caesen bágoas de emoción. **Os agasallados fomos nós:** eles escollerón, entre outros, poemas de Rosalía e Mario Benedetti. Precisamente foi o poema "No te rindas" de Benedetti o que lle adicaron e entregaron ao alumnado cun fermoso traballo de papiroflexia.



A poesía contribúe á expansión da nosa humanidade común, e axuda a facela más forte, más solidaria e más consciente de sí mesma.

Mensaxe da Sra. Irina Bokova, Directora Xeral da UNESCO, con motivo do Día Mundial da Poesía.

Síguenos en:



@BiblioRibeira1

Día Internacional de Concienciación do Autismo

Olga M. Lalín García (Departamento de Lingua Inglesa)



Alto alto como una montaña, un proxecto que visibiliza as persoas con autismo

O 2 de abril é o Día Internacional de Concienciación do Autismo. No noso centro conmemórase cada ano esta data para visibilizar unha realidade que pode pasar inadvertida para moitos de vós. Para explicalo dun xeito moi simple e usando unha comparación sinxela poderíamos dicir que as persoas con autismo teñen un “sistema operativo” diferente ao resto das persoas. É dicir, o seu cerebro procesa a información que lle chega a través dos sentidos dun xeito distinto a como o facemos os demais. Se a isto lle engadimos que ademais poden ter dificultades na comunicación, na socialización e que poden ter intereses moi especiais que condicionan o seu comportamento, poderedes imaxinarvos que vivir cada día pode converterse nun reto difícil de superar.



Para concienciar sobre este trastorno naceu *Alto alto como una montaña* <https://afrontandoelautismoconsensibilidad.wordpress.com/>, un blog para todos aqueles que teñades interese en seguir coñecendo máis sobre autismo. As autoras propoñen unha visión accesible e creativa sobre este tema con recursos educativos, poemas, fotografía, recomendacións lectoras e mesmo cun proxecto audiovisual que pretende sensibilizar a poboación. Quizais coñecedes a algúm membro da comunidade educativa a quen lle poida servir de axuda.

En BiblioRibeira, a nosa biblioteca escolar, tamén podedes atopar lecturas que vos achegarán dun xeito moi ameno ao autismo. Recomendamos especialmente *El curioso incidente del perro a medianoche* de Mark Haddon, *El Proyecto Esposa* de Graeme Simsion, *María e más eu* de Miguel Gallardo. Entre as películas que estamos seguros que vos encantarán están *Temple Grandin* baseada na fantástica vida de Temple ou *Maria y yo*.



Unha viaxe pola Toscana

Noelia Pérez Rey (4º ESO)

Todo comezou en outubro, cando os profesores nos deron a noticia de que este ano, nós, os alumnos de 4º da ESO, íamos realizar unha viaxe para celebrar o remate desta etapa escolar, e que ademais íamos poder saír de España. Nos meses seguintes decidimos que era a Toscana o lugar no que queríamos gozar desta experiencia. Ademais, neste tempo recibimos a axuda de moitos dos nosos profesores para realizar actividades que nos axudasen a pagar a viaxe (os mercados, o festival de playback, etc.).

Finalmente, despois de tanto esperar, por fin chegou o día. Xa era o luns 4 de abril, e todos nos reunimos no aeroporto de Peinador para coller o avión que nos levaría a Boloña. Despois dunhas dúas horas de voo (no que pudemos contemplar como se ía facendo noite a medida que nos aproximabamos a Italia) chegamos a destino e collemos un autobús que nos levaría a Florencia, cidade que ía ser o noso fogar nos próximos días. Neste traslado, aínda que xa fose de noite, pudemos admirar as primeiras paisaxes toscanas.

Ó día seguinte comezamos a descubrir Florencia da man dun guía local, que nos revelou os segredos dos principais monumentos florentinos. Primeiro chegamos ao mercado, que estaba ao lado do noso hotel, e a capela de San Lourenzo. Despois descubrimos a imponente catedral renacentista, dedicada a Santa María del Fiore, onde pudemos contemplar a súa espectacular fachada en mármole branco e verde e a cúpula de Brunelleschi (todo un prodixio da arquitectura do seu tempo) e ao lado desta, o baptisterio, decorado igual con mármole e no que destacaban as súas portas. Esa mañá tamén contemplamos o río Arno (sobre o que se eleva o Ponte vello, en italiano Ponte Vecchio), o centro político e o Palacio Pitti. Despois desta camiñata na que nos pudemos dar conta da gran importancia cultural de Florencia, as mestras deixáronos un tempo libre para que puidésemos



entrar en contacto por primeira vez coa comida italiana, que tanto nos gusta. Xa pola tarde, emprendemos o camiño cara a Piazzale Michelangelo, onde pudemos ver toda Florencia dende o alto.

No terceiro día, pasamos a mañá en Pisa onde pudemos contemplar, en primeiro lugar a Piazza del Duomo, onde se atopa a famosa torre inclinada (coa que todos nos fixemos a típica foto), a catedral, o baptisterio e o camposanto. De alí a guía levounos ao centro da cidade, onde nos explicou un pouco da historia pisana a través dalgúns dos seus monumentos. Pola tarde, xa en Florencia, visitamos a Galería dos Uffizi, que conta cunha importante colección de arte, entre a que podemos citar, por exemplo, *O Nacemento de Venus* ou *A Primavera*.

O seguinte día, pola mañá, descubrimos Siena, unha preciosa cidade de orixe medieval, onde camiñar polas súas rúas é como facer unha viaxe a outro tempo. En Siena pudemos contemplar, por exemplo, a súa imponente catedral, todo un exemplo da arquitectura grecolatina, ou a Piazza do Campo. Xa pola tarde desprazámonos ata San Gimignano, unha vila tamén do medievo e onde destacan as súas trece torres, aínda que no seu período de esplendor chegou a ter setenta e dúas.

No último día invadiunos un dobre sentimento: por un lado tiñamos ganas de volver á casa coa nosa familia e contarlles todo o que viviramos nestes días e, pola outra, queríamos quedarnos uns días máis en Italia, xa que o estávamos a pasar moi ben. Non obstante, pola mañá aínda nos deu tempo de visitar o *David* de Miguel Anxo. Despois de comer, collemos o autobús que nos levaría ao aeroporto de Boloña, no que collemos o avión que nos trouxo de volta á casa. Xa en Vigo, despois de darrle unha aperta á nosa familia, démonos de conta do ben que o pasaramos e do moito que aprenderemos desta viaxe, que creo nunca esqueceremos.

Breves:

Semana do Libro (do 25 ao 29 de abril)

Con motivo do Día Mundial do Libro, celebrado o día 23 de abril, o IES Ribeira do Louro organizou un conxunto de actividades programadas pola Biblioteca do centro. Entre outras, destacamos a realización dunha exposición de fotografías matemáticas, unha exposición de fotos poéticas (expresión poética do que suxire unha fotografía), unha campaña de creación de versos a través de Twitter (hashtag: #versosenrede) na conta Twitter@BiblioRibeira1, apadriñamento lector ao alumnado do CEIP Antonio Palacios, sesión de lecturas durante a mañá do xoves 28 e unha visita do Centro de Maiores de Torneiros para facer unha lectura conxunta de textos, entre outras actividades. Durante esta semana, na biblioteca do centro, está habilitado tamén un espazo para a exposición de material impreso, videográfico e documentación web para conmemorar a celebración dos 400 anos da morte de Cervantes e de Shakespeare, con actividades asociadas.



Exposición de fotos poéticas



Mostra dunha das fotos poéticas



Piruletas lectoras

Ademas destas actividades que destacamos, ao longo do curso no instituto leváronse a cabo outras de igual relevancia social, cultural e educativa: **Magosto**. No mes de outubro, celebramos o magosto cunha marcha a pé ao monte da Risca, onde o alumnado de ESO puido divertirse realizando xogos populares, cantando e saboreando as castañas asadas que preparou o profesorado. **Día da Ciencia en Galego**. No mes de novembro, tivo lugar unha video-conferencia para Bacharelato, impartida desde a Universidade da Coruña polo neurocientífico Xurxo Mariño, titulada *A máquina que constrúe a mente e a realidade*. **Obradoiros**. Ao longo do curso, organizáronse diversos obradoiros sobre temas variados, como física, xeoloxía, drogadicción, sexualidade, internet, e dicción e oralidade. **Charlas**. Distintos profesionais visitaron o noso centro para impartir charlas sobre nanotecnoloxía, xeoloxía e sobre orientación profesional, neste caso, por parte das tres universidades galegas. **Sáidas educativas**. Realizadas ao Centro Tecnolóxico Aimen, o Porto de Vigo, o Esteiro do Miño, a Escola Técnica Superior de Arquitectura e a Fundación Barrié da Coruña, a Roma, entre outras.

Proximamente...

O curso continúa, e as actividades pendentes xa están programadas. Esperamos que participedes en todas elas e contribuades a que o centro manteña este dinamismo. Son especialmente relevantes as seguintes:

Participación no Correlingua 2016. O alumnado de 1º da ESO participará, una ano máis, na carreira pola lingua que se vai celebrar o venres día 6 de maio en Vigo.

Día das letras galegas (17 de maio). No centro vanse celebrar o día 20 de maio, e terán lugar actividades como o pintado de murais realizado polo alumnado de Debuxo, o xogo do *pista a pista*, a exposición de libros e textos de Manuel María (autor homenaxeado neste ano) e as representacións teatrais programadas (consulta a páxina 55 desta revista para ver a programación de teatro).

Artigos e ensaios

I see your true colors

Guillermo Comesaña Casal (Departamento de Inglés)

“Eu vexo as túas cores certas / verdadeiras". Este sería o resultado que daría un tradutor automático se introducimos nel esta frase do refrán da canción cantada por Cyndi Lauper. E quedariamos igual que estábamos se non sabemos que esa expresión quere dicir en inglés ‘coñecer realmente, en profundidade, non de maneira superficial, a unha persoa’. Estas frases feitas, que non se poden traducir literalmente, e varían dun idioma a outro chámase *idioms* en inglés. Falando de “true colours”, vexamos algunas desas expresións relacionadas coas cores.

O azul emprégase moito. “To feel blue” ou “have the blues” non é ‘sentirse azul’ ou ‘sentir o blues’, senón ‘sentirse triste’. Un “blue-eyed boy” ou unha “blue-eyed girl” non son só ‘rapaces de ollos azuis’, senón algo así como ‘o neno/a bonito/a’, ou ‘o ollo derecho de alguén’. “Once in a blue moon” (unha vez nunha lúa azul) significa ‘rara vez, con pouca frecuencia’; e algo que sucede “out of the blue” (fóra do azul) é algo que acontece ‘inesperadamente’. Finalmente, “blue film” ou “blue movie” é a expresión para referirse a unha película para adultos, en concreto unha película pornográfica.

A cor de rosa tamén é curiosa; por exemplo, “to give pink slip” (dar billete ou boleto rosa) é despedir a alguén dun traballo, e “to see pink elephants” (ver elefantes rosas) é ter alucinacións por estar baixo os efectos do alcohol. Se vistes a película de Disney *Dumbo* e recordades a marcha dos elefantes rosas, lembraredes que esta aparece despois de que o pequeno elefante bebesse alcohol. Se non coñecíades esa expresión, agora podedes explicarvos mellor esa escena.

A seguir, o verde: os ingleses din que unha persoa está “green with envy” (verde de envexa). Dalguna cor tiña que ser a envexa, non si? Estoutra si

As traducións literais que aparecen nos tradutores automáticos non nos axudan a entender o que significan as frases feitas.

que ten algo de lóxica: unha persoa con “green fingers” (dedos verdes) é unha persoa a quen se lle dá ben a xardinería, que ten boa man coas plantas.

O vermello tamén dá xogo. As expresións “to see red” (ver vermello) e “to be red with anger” (estar vermello de ira) queren dicir ‘estar moi enfadado’ e “to be caught red-handed” (coller a un coas mans vermelhas) é algo parecido ao noso ‘colller coas mans na masa’.

E qué será un que ten a barriga amarela? “A yellow-bellied person” é un que é covarde ou extremadamente tímido.

Finalmente, o branco. Un “white collar worker”, un traballador ‘de colo branco’ (en referencia á cor da camisa usada) é un traballador de oficina, por extensión do sector servizos, mentres que un “blue collar worker” (de colo azul) é un operario, traballador manual ou do sector agrícola ou industrial. Unha “white lie” (mentira blanca) é unha mentira inocente que persigue un bo resultado, a nosa mentira piadosa. E un elefante branco, “white elephant”, é un obxecto de moito valor, moi custoso de manter e de escaso ou nulo beneficio. Nun monte cerca de Santiago atópase un dos mellores exemplos da especie elefante branco, o *Elephas Albus Gaiasensis*.

As traducións literais, que vedes que non nos axudan a entender o que significan estas frases, son as que aparecerían nun tradutor automático, tipo Google Translator. Ollo piollo, “eye louse”, haha. “You are on the branch” non é “estás na póla” e “pull the blanket” non é “tirar da manta”. “Outra vaca no millo” non é “another cow in the corn” e “a velas vir” non é “to see them come”. Quen inventaría os idiomas/os “idioms”?


Caderno dun lector (VI)

Julio César Abalde García (Departamento de Lingua Castelá e Literatura)

O Porriño, 15 de Abril de 2016

06.09.14. "Incerta gloria" [1956...], de Joan Sales.

Reedición dunha obra significativa da posguerra española. Necesaria. Noveila presentada en catro partes dende a perspectiva dos vencidos. Foi corrixida e ampliada, tendo unha segunda parte, *Últimas noticias*, igual de impactante.



31.12.14. "A balsa de pedra" [1986], de José Saramago. Marabillosa alegoría. A península ibérica despréndese e corre ceibe. Unión de culturas: Europa e América. Persoal, comprometida, ética.

05.02.15. "Berlin Alexanderplatz" [1928], de Alfred Döblin.

o más importante non é a historia, senón como está contada e o discurso empregado. Un antiheroe pícaro para os demais é vítima das picarescas alleas. Salientable a relación que establece co lector e os continuos cambios de rexistro.

18.02.15. "Ámote Leo A." [2011/2014], de Rosa Aneiros. Remato a trilogía. Viaxe interna e externa. Misterio. Amor á literatura en grandes doses. Fresco e audaz. Actual e moi ben narrado.

01.03.15. "París" [1999], de Marcos Giralt Torrente. Libro biográfico tremendamente valente onde disecciona a relación coa súa familia, a partir da morte do pai. Duro. É difícil reparar que todo puidera ser distinto e xa non ten volta atrás. Libro emparentado co de Milena Busquets.

10.04.15: "Palinuro de México" [1977], de Fernando del Paso. Flamante Premio Príncipe de Asturias. Palinuro é "o personaxe que fun e quisen ser e o que os demais crían que era e tamén o que



nunca puiden ser áinda que quisen selo". Son palabras do autor para definir o personaxe. Irónica e divertida. Un xogo marabilloso para ler con calma. É hiperbólica en tamaño e en proposta. Para disfrutar.

08.05.15: "Versos, cancións e trociños de carne: Memento mori / Diesirae / Consumatumest" [2013/2014], de César Pérez Gellida. Remato a trilogía. Recibín un tremendo impacto. Lembra, sen ter conexión argumental, á trilogía do Millenium de Larsson. A aliaxe de poesía, prosa e música fan un combinado explosivo. A acción é trepidante. Percorre toda Europa. Sorprende o coñecemento que ten o autor da mente dos sociópatas. Libro adictivo dos que entran intravenosamente sen preámbulos.




11.07.15: "A cea" [2009], de Herman Koch. Libro necesario. Imposible subtraerse a non debatelo. O herdo xenético, a educación, o ambiente, a relación paterno-infantil, os iguais, a infancia, a familia, os valores... Todo está aí. Onde perdemos a ética? Como se fala de debater: o remate, para mim, está un pouco edulcorado. Reto a sentármonos para concordar no desacordo.

07.08.15: "Antagonía" [1973/1981], de Luis Goytisolo. Releo as dúas primeiras novelas e leo, por primeira vez, as dúas últimas. Esta tetraloxía, agora, en texto único, tal e como sempre quixo o autor. Debe estar en lugar de honra como *A comedia humana* de Balzac, *Os Rugon-Macquart* de Zola, *Os episodios nacionais* de Galdós, as múltiples trilogías de Baroja, *O Cuarteto de Alexandría* de Durrell ou *2666* de Roberto Bolaño, entre outros.

21.08.15: "Os Buddenbrook" [1928], de Thomas Mann. Novela anterior á afamada *A montaña máxica*. Foi motivo da concesión do Nobel. Marca os inicios da súa traxectoria literaria. Novela intelectual que bebe do expresionismo. Non debemos entrar a comparar as dúas obras. Deben lerse pola complementariedade das súas propostas.

27.08.15: "O coleccionista de bágoas" [2012], de Augusto Cury. O autor que desenvolve a psicoloxía multifocal aproveita para indagar como un ser gris, descoñecido, sen preparación universitaria pode engaiolar a un pobo culto e avanzado, para ser cómplice da maior atrocidade que fixo o ser humano: o nazismo. Novela con final aberto, que solicita a nosa acción, cando menos intelectual.



24.11.15: "De remate" [2015], de Héctor Cajaraville. O autor traballa coa deconstrucción. Mestura de artigos xornalísticos, comentarios dos lectores, páxinas do diario persoal, procesos de escritura... A partir de feitos, entre reais e verosímiles, e con ferramenta actuais, o autor, presenta un híbrido de novela que atrapa e que non deixa indiferente. Premio e calidade danse a man.




25.12.15: "Brila, mar do edén" [2014], de Andrés Ibáñez. É unha novela de aventuras e de vidas

cruzadas; cada personaxe podería ser motivo dunha novela; son novelas dentro dunha novela. Novela lírica, filosófica, máxica... real e irreal, ao tempo. Novela con guiños laudatorios, desbordada, que lembra o realismo máxico. Deixa no aire unha pregunta: despois desta crise total, explosión e un mundo novo?

06.02.16: "Vida hogareña" [1980], de Marilynne Robinson. Este é o terceiro libro que leo da autora que cronoloxicamente, na súa autoría, é o primeiro. Volvíng recibir un chorro de boa literatura. Acción mínima, os personaxes que se antollan pouco suxerentes, unha anhedonia no relato que enlentece o ritmo... Con estes mimbres o libro deberá caer da man, pero lonxe diso, o libro atrapa, e, sempre, coa tradición dos mellores libros de aprendizaxe, subxuga e nos marabilla.

15.04.16: "O mundo de onte. Memorias dun europeo", de Stefan Zweig. Remato esta entrega con este magnífico testemuño do autor de *Novela de xadrez*, do pasado recente: vida, literatura, historia, filosofía, crítica... Coñecemos o autor dende os primeiros anos do século XX ata 1941, ano anterior a tomar a decisión de poñer fin á súa vida ao non resistir o horror nazi. Está na vixésima edición o libro. Non é só un retrato veraz dun autor é, sobre todo, un fresco de 40 anos que mudaron a face do mundo.

Abril de 2016: Punto de saída para a próxima entrega.



A muda da voz na adolescencia

David Barros Alfaro (Departamento de Música)

Nas aulas de Música dos institutos de secundaria emprégase a voz como vehículo principal de expresión artística. Con todo, a voz dos alumnos e alumnas cambia ao longo do tempo escolar ao igual que o seu propio corpo.

O canto é unha actividade física que está suxeita á coordinación muscular. As sensacións que se teñen cantando, ás veces, poden resultar frustrantes, polo que cómpre ter en conta:

- A muda da voz é a consecuencia dos cambios hormonais que, nalgúns casos, comezan de forma incipiente aos 9 anos. A partir desta idade irrómpese paulatinamente na puberdade, tendo en conta que será ao redor dos 13 anos cando a ampla mayoría dos mozos se atope en plena fase central da muda.



- Mozos: A media de incremento da lonxitude das cordas vocais rolda os 10 milímetros e ocasiona un descenso da altura da voz sobre unha oitava ou más (o que ocorre a distintas velocidades en cada individuo).

- Mozas: tamén sufren unha transformación, pero este cambio maniféstase sobre todo con relación ao engrosamiento do ligamento vocal e por tanto

afecta máis ás calidades do son e en moita menor medida ao rexistro vocal.

-Non hai ningunha razón para deixar de cantar durante a puberdade. Non soamente non implica ningún risco en absoluto, senón que é moi recomendable facelo. Os adolescentes que seguen cantando durante o cambio da voz experimentan un desenvolvemento vocal moito más rico e profundo que os que deixan de cantar.

-Cando a voz dun mozo rompe ou ten un "galo", o que ocorre é que este se debeu a unha repentina descoordinación muscular na larinx. Este desaxuste debe ser considerado como normal e case inevitable.



Por tanto, seguir cantando durante a muda da voz é tan saudable como seguir facendo deporte mentres se crece. Non ofrece ningún risco para o desenvolvemento laríngeo e a educación vocal e musical, senón que moiao contrario, favorece a todos eles.



Os diamantes de sangue

Nuria Giráldez Pérez e María García Amoedo (1º BAC)

Son aqueles diamantes obtidos nunha zona de guerra mediante o uso de escravos ou persoas en réxime de semiescravitude.

Unha vida de escravitude

Esta actividade ilegal provocou matanzas, violacións masivas e explotación infantil. Os contrabandistas teñen a nenos (de 10 e 11 anos) e adultos escavando de sol a sol sen seguridade ningunha e a prezos de escravitude.

A primeira máquina de raios X

Os alemáns que levaron a primeira máquina de raios X a África en 1908 non pretendían detectar enfermidades, senón radiografiar o corpo dos mineiros para que non ocultasen os diamantes que despois se vendían no primeiro mundo.



A súa expansión

Amnistía Internacional revela como as grandes empresas mineiras alimentaron os mercados de xoiería de Amberes e Dubai, entre outros, por valor de varios millóns de euros con diamantes de sangue. A súa extracción e venda estaba prohibida pola guerra dende 2013, xa que contribúan a financiar o conflito, pero agora obtéñense máis diamantes de sangue ca nunca.

O Proceso Kimberley

É un sistema de certificacións deseñado para evitar que os diamantes conflitivos entren no mercado dos diamantes. Fíxose para intentar garantirles aos clientes que non estaban a financiar a guerra nin abusos dos dereitos humanos coa compra de diamantes. Malia estes esforzos, os diamantes segue a ser un negocio opaco de prezos criminais, atraso aberrante e tráfico mafioso.

Países como Canadá explotan e exportan diamantes coa etiqueta Conflict Free (libres de conflito). Outros países como Bélxica venden pedras branqueadas. Na República Centroafricana estos depósitos de xemas preciosas extráense de xeito case artesanal en espazos nos que, ás veces, só cabe un mineiro.

Cinematografía

O filme *Diamante de Sangue* (Edward Zwick, *Blood Diamond*, 2006) representa esta situación e denunciou o uso e abuso das grandes mafias mineiras para sacar estas pedras a baixo prezo de países en guerra e vendelas nas mellorxs xoierías do mundo con certificados falsos.



Conflitos esquecidos

Juan González González (2º BAC)

No mundo existen multitud de conflitos esquecidos. A maioría deles involucran a países pobres e a grandes compañías; a metrópoles que fagocitan colonias, “polo seu ben” ou polo ben da democracia; ou a Estados amigos que intercambian silencio por agasallos.

Os medios masivos de manipulación non din nada sobre a situación destas comunidades esquecidas nos mapas, nin tampouco sobre as vítimas destes conflitos que son más ben masacres: están ocupados falando de Venezuela. Por iso non está de máis traer a colación estes dramas de vez en cando, sobre todo cando esa tal España ten tanto que ver con eles. Hoxe lembramos ao Sáhara Occidental e ao pobo saharauí.

Non fará falta entrar en descripcións desta baldía rexión situada no Oeste do deserto más grande do mundo; basta dicir que é unha rexión rica en minerais, metais e petróleo (recursos explotados por multinacionais e todos en territorio controlado por Marrocos, curiosamente); que primeiro foi colonia española (1767-1975) e que agora o é de Marrocos; que abrangue unha extensión de 266.000 km cadrados e que un muro, construído polo país africano para frear o avance da Frente Polisaria (movemento de liberación nacional), divide o seu territorio ao longo de 2.720 km (61 veces o Muro de Berlín). Aproximadamente 620.000 persoas (2015) habitan esta nación sen voz nin voto nos organismos internacionais. 160.000 eran, en 2004, soldados marroquís, e estímase que o número de cidadáns destinados desde a metrópole á colonia xa supera á poboación autóctona. Entre 90.000 e 165.000 saharauís viven desprazados nos campos de refuxiados de Arxelia, onde dúas de cada tres mulleres sofren anemia e un terzo das nenas e nenos padecen desnutrición crónica (ACNUR; PMA).

40 anos van cumplirse desde que España abandona a súa sorte á antiga colonia; medio século pasou xa desde que a ONU esixise por primeira vez a celebración dun referendo de autodeterminación



para o Sáhara Occidental. España non escoitou esta proposta, talvez porque fose máis interesante manter a colonia tanto como se puidese en pos dunha “saída elegante”; Marrocos non escoita esta proposta; non importa: ningún telexornal se fai eco deste atroz crime. Son cousas da democracia, existe alí e cando interesa.

Non houbo descolonización. O Acordo Tripartito de Madrid é papel mollado sen valor xurídico e España segue estando obrigada a impulsar a consulta pola autodeterminación do Sáhara, pero a día de hoxe as únicas manifestacións de apoio a este pobo son as impulsadas pola sociedade civil. O Estado europeo non ten ningún interese en intentar reparar a desfeita que deixou tras de si en solo africano, nin a pesares das violacións dos acordos asinados entre España e Marrocos (acordos, entre os cales se incluía a celebración da Marcha Verde, filtrados por Wikileaks a partir de documentos pertencentes ao Secretariado de Estado dos Estados Unidos) por parte da monarquía africana, nin a pesar das reiteradas violacións dos Dereitos Humanos acometidas polo Exército colonial no territorio ocupado. E no outro extremo da partida, unha poboación empobrecida e convertida en estranxeira na súa propia terra, obrigada a vivir en campos de refuxiados e a emigrar cara a Europa na procura dunha vida mellor.

Marrocos é o único país do continente que non forma parte da Unión Africana; si o é, desde 1984, a República Árabe Saharaui Democrática, proclamada en 1976 e recoñecida por apenas 82 países, non está España entre eles. É máis: ningún Estado da Europa Occidental (Albania é a excepción en Europa) nin tampouco Estados Unidos, autoproclamados protectores da democracia a nivel mundial, o fan; si a recoñecen e apoian algúns dos réximes más perigosos e antidemocráticos do mundo, como poden ser Cuba, Bolivia, Ecuador, Venezuela ou a case totalmente destruída Siria.

É curiosa a cuestión de que ningún dos bastiós da democracia occidental se faga eco dos crimes que o aliado Marrocos comete. Terá algo que ver cos privilexios que a monarquía africana concede a

Europa? Terá algo que ver con que calquera democracia occidental pode contar cos servizos do Exército marroquí para pacificar os africanos que queren pasarse da raia e confundir a liberdade coa libertinaxe? Terá algo que ver que o feito de que o referendo se aprace non é tan prexudicial para as compañías que operan na rexión como para a poboación que non pode vivir nela? Terá que ver con que o Sáhara segue sendo unha colonia pobre e o Imperio está demasiado ocupado defendendo os seus intereses noutros trópicos?

Galeano escribiu un relato fantástico que titulou MUROS. Sería estupendo que a xente ocupase en lelo a el o tempo que ocupa en ver a tele.

O Rally Rías Baixas

Ana Ledo Romero (1º BAC)



O Rally Rías Baixas é un evento automobilístico que se leva a cabo cada ano a finais do mes de maio ou comezos de xuño na comarca de Vigo. Este rally de asfalto, que comezou a disputarse en 1963 (organizado pola Escudería Rías Baixas), é puntuable para o Campionato de España de Rallys dende 1982.

Despois de máis de 50 años de tradición, por problemas de financiamento non se celebrará en 2016. O gran colaborador era o Concello de Vigo, pero dende hai dous anos a súa axuda económica é insuficiente para sostelo.

Os coches, áinda que pareza que son "normais", como os que venden nos concesionarios, son na súa maior parte diferentes. Na carrozaría só se deixa a estrutura e elimínanse soportes innecesarios e placas de montaxe, para alixeirala. No interior acóplanse estruturas antienvorcadura formadas por tubos de aceiro. No interior do vehículo non adoita haber tapicería nin embelecedores, e



están compostos por dous asentos de fibra. Os cintos substitúense por arneses. A caixa de cambios pode ser semi-automática ou manual, e a tracción pode ser dianteira, traseira ou 4x4. En 2015 unha nova normativa limitou a potencia dos coches.

Nos últimos tres anos, a marca triunfadora é Porsche, en dúas ocasións con Sergio Vallejo (2013 e 2014) e a última (2015), con Miguel Fuster.

A historia esquecida

Cristian Fernández Soto (1º BAC)

As mulleres contemporáneas

Nada está feito porque si. As casualidades, como dixo Voltaire, non existen. Todo cumpre unha función a favor dunha clase determinada, así que, pregúntate por que descoñeces tanto da túa propia historia.



Nadia Krúpskaya

Figura importante dentro do PCUS (Partido Comunista da Unión Soviética). Casou con V. Lenin e foi unha das organizadoras da Revolución de Outubro. Durante o exilio encargouse da secretaría da publicación do "Iskra". Principal responsable do sistema educativo soviético e a rede de bibliotecas rusas.

Clara Zetkin

Membro da liga Espartaquista, a cal fundaría máis tarde o Partido Comunista de Alemania. No seu exilio en París, foi parte importante da formación da II Internacional e opositora máis tarde ás teses de Bernstein. Nomeada Secretaria Internacional da Muller dentro da Internacional Socialista de Mulleres. Propuxo o día da muller traballadora en conmemoración do incendio acaecido en 1909.



Aleksandra Kolontái

A primeira muller da historia en ocupar un posto no goberno dunha nación. Membro do Comité Central do Partido, onde votou favorablemente á insurrección e á toma do Palacio de Inverno. A primeira muller na historia en desempeñar a función de embaixadora. Coa chegada do novo sistema social encargouse de modificar as leis desfavorables cara ás mulleres.

Rosa Luxemburgo

Fundadora da liga Espartaquista na que militaba Clara Zetkin. Crítica co proceso soviético. Foi asasinada polos Freikorps, o grupo paramilitar alemán que se encargou de sufocar a errada Revolución de Berlín en 1919.



Lyudmila Pavlichenko

Tras a Operación Barbarroja do Exército Nazi, alistouse no Exército Soviético onde, de primeiras, recibiu rexeitamento. Adquiriu o grao de comandante e contaba ás súas costas con 309 nazis abatidos no campo de batalla. Primeira cidadá soviética en ser recibida polo presidente dos Estados Unidos. Outorgóuselle a condecoración de Heroína da Unión Soviética.

Ulrike Meinhof

Realizou estudos de filosofía, pedagogía e sociología. Iniciou a súa carreira profesional como xornalista na Alemaña Oriental. Radicalización e amizade con Andreas Baader. Unha das fundadoras da RAF. Asasinada en prisión.

***Valentina Tereshkova***

Enxeñeira e enxeñeira espacial, como tamén cosmonauta soviética. Considerada "A Muller do Século" por ser a primeira en viaxar ao espazo.

***Angela Davis***

Política, activista negra e actual profesora de historia na Universidade de California. Membro dos Black Panther, a rama más radical do movemento defendido por Martin L. King. A finais dos 60's foi expulsada como profesora pola súa afiliación ao Partido Comunista de Estados Unidos.

***Rosa Parks***

Figura importante no movemento polos dereitos civís en Estados Unidos. Coñecida excepcionalmente polo seu conflito nun autobús ao negar o seu asento a un home branco. O seu encarceramento foi a faísca do movemento contra a segregación racial.

***Leyla Khaled***

Actual membro da Frente Popular para a Liberación de Palestina. Naceu na Palestina ainda ocupada por Gran Bretaña. Destacada por ser a primeira muller en secuestrar un avión baixo a organización Setembro Negro. Está considerada por toda a súa carreira como a líder da Frente Popular.

"É verdade que a historia a escriben os vencedores; é parte do botín, quedar coa memoria."

Eduardo Galeano

"Calquera que coñeza algo de historia sabe que os grandes cambios sociais son imposibles sen o fermento feminino."

Karl Marx

A celiaquía

María Fernández Álvarez (2º ESO)

A enfermidade celíaca (celiaquía) é unha doença autoinmune que comeza na infancia e está provocada por unha intolerancia intestinal permanente ao glute. O glute atópase no trigo, o centeo, a espelta ou trigo vermello e a avea, entre outros cereais.

Cando un destes compoñentes entra no corpo dun celíaco, ocorre que o sistema inmune do individuo produce unha reacción inflamatoria que provoca atrofia das vilosidades que recobren o intestino e interferencias na absorción de nutrientes. Este trastorno aparece en persoas xeneticamente predispostas, de todas as idades e a partir da nenez. Os síntomas inclúen, entre outros, diarrea crónica, atraso do crecemento ou do desenvolvemento infantil, dispnea e erupcións na pel. Malia que estes síntomas poden estar ausentes e aparecer de cando en vez, poden afectar a calquera órgano e sistema do corpo. O único tratamento eficaz é o cambio a unha dieta libre de glute e permitir a reexeneración das vilosidades intestinais.

Diagnóstico. Ningunha das probas que se realiza hoxe en día confirma por si soa a celiaquía. O diagnóstico hoxe en día baséase na concorrencia de sospeita clínica, seroloxía e biopsia intestinal compatíbeis coa celiaquía.

Seroloxía. As probas serolóxicas detectan e ás veces cuantifican anticorpos no sangue específicos para a doença. Realízanse en pacientes nos que se sospeita enfermidade celíaca. Axudan a decidir a que pacientes hai que realizar biopsia e a quen non. Tamén se empregan para a detección de posíbeis casos en estudos epidemiológicos a grande escala.

Biopsia intestinal. Métodos para realizar biopsias intestinais na celiaquía son dous: a cápsula de Crosby (cápsula pectoral) ou por endoscopio (sistema da cámara e tubo flexíbel).

Estudo xenético. Este sistema está encargado de

vixiar que as células do organismo sexan propias. Non se trata dun xene que se está mutado sucede intolerancia e se está normal non.

Historia. As primeiras descripcións sobre celíacos foron realizadas na segunda metade do século I d. C. por Areteo de Capadocia, médico que facía referencia a suxeitos desnutridos que cando inxerían trigo empeoraban. A principios do século XX, as investigacións da intolerancia celíaca encamíñanse cara a unha intolerancia aos hidratos de carbono, e xa en 1950, o pediatra holandés Willem-Karel Dickey demostrou que se se excluía o trigo, a avea e mailo centeo, a doença celíaca melloraba drásticamente. Decatouse deste feito durante a II Guerra Mundial, ante a falla de aprovisionamento de produtos derivados do trigo, situación ante a cal os afectados pola enfermidade melloraron.

España e Galicia. Estímase que en España hai aproximadamente catrocentos cincuenta mil enfermos celíacos, pero tan só está diagnosticado o 10%. En Galicia, cada vez

son máis os establecementos e restaurantes que contan co selo que certifica que os consumidores celíacos poden seguir unha dieta libre de glute. Con todo, e en comparación con outros países europeos, aínda fica un longo camiño para que os restaurantes incorporen nos seus menús os produtos que conteñen ou non glute.

Existe a Asociación de Celíacos de Galicia (ACEGA), que organiza actividades e dá información sobre a doença e sobre restaurantes, establecementos e tendas onde atopar produtos axeitados aos celíacos.

O día internacional do celíaco é o 5 de maio. A Federación de Asociaciones de Celíacos de España (FACE) estableceu unha Marca de Garantía "Controlado por FACE" que ten como obxectivo garantille ao consumidor que os produtos etiquetados son aptos para persoas celíacas.



A importancia da etiquetaxe

Curiosidades dos ollos

Patricia Romero Grova e Juan Carlos Martínez Pérez (1º BAC)

O ollo é un dos máis completos e desenvolvidos órganos do noso corpo, fundamental para percibir a realidade das cousas e interactuar co medio.

Teñen a función de captar os estímulos luminosos que atopamos no ambiente. Localízanse nas cavidades orbitarias, que os protecen das sacudidas e choques exteriores. As cellas, as pestanas e as pálpebras complementan a súa protección.

Presentamos un conxunto de curiosidades sobre os ollos e o sentido da vista no que quizais non repararamos antes.

En condicións normais, estímase que o ollo humano pode distinguir varios millóns de cores, resultado da variación cromática de azul, vermello e verde. En cambio, pola noite só é capaz de ver en branco e negro.

Se o ollo fose unha cámara dixital, tería 576 megapíxeles. A primeira cámara dixital do mundo, de 1990, posuía 0,077 megapíxeles; hoxe, os mellores smartphones non acadan os 25.




Por termo medio, pestanexamos 17 veces por minuto (máis de 14.000 por día!). Pasamos o 10 % do día cos ollos pechados tan só por pestanexar; sumádelle a este dato o tempo que pasamos durmidos. Con todo, cando estamos diante dunha pantalla (televisión, ordenador, teléfono móbil, etc.), esquecemos pestanexar tanto e isto provoca que se nos inflamen os ollos.

Aproximadamente 1 de cada 30 persoas non distingue ben entre as cores verdes e vermelhas, o que se coñece como daltonismo. Cada ollo emprega seis músculos para mover o globo ocular. Cada ollo contén 107 millóns de células.

Os ollos poden ser de diversas cores, como sabemos. Menos frecuente é que unha mesma persoa posúa un ollo de cada cor, fenómeno que se coñece como heterocromía. En proporción mundial, o 94 % das persoas posúen ollos marróns. Só o 6 % pertence ás persoas con cor de ollos azuis, verdes e outras cores. O espazo entre os ollos denominase glabela.

1) O iris. É a parte coloreada do ollo. Regula a entrada de luz variando o seu tamaño segundo a intensidade. 2) A menína. É o orificio central do iris. Dilátase ou contráese en función da cantidade de luz existente. 3) O cristalino. É a parte que enfoca a luz que entra na retina. Ten forma de lente. 4) A córnea. É unha das partes externas do ollo. Protexe o cristalino e o iris. 5) A retina. É a parte do ollo sensible á luz. Está composta polos conos e os bastóns, que dan información sobre a nitidez, cor e brillo. 6) Nervio óptico. Conduce os impulsos nerviosos da retina cara ao cerebro. Isto permite a formación das imaxes na nosa cabeza.



Veganismo

Paula Estefanía Flores Rodríguez (1º BAC)

VEGANISMO: CUESTIÓN DE RADICAIS E HIPPIES

O veganismo é, máis ca unha dieta, un compromiso polo cal se respectan todas as formas de vida animal. Por iso, non consumimos produtos que proveñan de animais (ovos, leite, coiro, etc) nin produtos que foran testados neles.

É obvio que as proteínas son verdadeiramente importantes para o desenvolvimento e podermos manter a saúde, mais o que moitos descoñecen (ou queren descoñecer) é que os alimentos de orixe non animal tamén poden ofrecernos proteínas.



PERO SE O LEITE E OS OVOS NON SUPONEN A MORTE DUN SER VIVO...

Xa, iso é certo, mais... que condicións son as que lles ofrecemos ás galiñas ou ás vacas das que obtenemos eses produtos? En serio pensades que viven en granxas felices, e cantan e bailan, sorrín e nos agradecen o feito de estarmos con eles neste mundo?

Estamos todos de acordo en que o maltrato animal é, sen dúbida, unha aberración. Supoñendo que estamos dotados do suficiente sentido común como para detestar as sanguentas corridas de touros, pelexas de galos, cans, etc.

Mais, non é acaso o trato que reciben nas granxas tamén algo inhumano? Escravizados, forzados, pechados en gaiolas nas cales as condicións son precarias e expostos a infeccións.

NON É VIDA

Non é vida estar neste mundo co único cometido de saciar a gula duns seres con tan pouco corazón como para afastar a vista cando falamos do sufrimento dos animais de granxa, tan egoístas como para someter ás especies á súa vontade e non facer nada.

O desgraciado é que nós, as verdadeiras persoas que desexamos cambiar este masacre somos os radicais, que desta maneira non imos conseguir nada. Toda revolución empeza individualmente, pero á visión da sociedade somos radicais, loitando sen sentido, xa que "non imos chegar a nada".

Somos nós, os veganos, quen asasinamos animais con ganas de vivir, quen comemos cadáveres e abusamos dos seus corpos? Somos nós quen escravizamos sen escrúpulos? Somos nós quen pagamos pola súa tortura e sufrimento?

Talvez non consigamos nada, talvez eu morra, e os meus fillos e os fillos dos meus netos non poidan ver unha sociedade perfectamente concienciada co medio e cos seres que viven con nós.



O mundo non nos pertence, os animais non están para servirnos, nós non somos ninguén.

Somos a raza dominante, abusadora, tiránica. Nós somos o medo.

NON SÓ COMEMOS "HERBA"...

Hai centos de millóns de alimentos deliciosos que podemos comer sendo veganos.

Non son preciosas as vivas cores das froitas e verduras? Os seus sabores non quedan na nosa lingua como un suave agarimo?

Hai moita variedade de produtos: leites vexetais (soia, améndoas, avelás, arroz, avea, coco), tofu, hamburguesas de soia, iogures de leites vexetais de numerosos sabores (increíble, eh!), cereais, se-

mentes, legumes, arroces e un longo etcétera (xa vedes, non hai escusa).

E AGORA REFLEXIONEMOS...

Se hai tantas alternativas, por que continuar con este masacre animal? Abride os ollos, quitade a venda e amade a todos os seres deste mundo, xa que, á fin e ao cabo, somos todos iguais, compartimos o lugar no que vivimos.

SÉ VEGANO, DI "NON" Á CRUELDADE

Son realmente prodixiosas as "dietas milagre" ?

Iago Maceira Cortegoso (1º BAC)

Segundo a Sociedade Española de Endocrinología e Nutrición (SEEN) e a Sociedade para o Estudo da Obesidade (SEEDO), un de cada catro españois quere perder peso. Coa entrada da primavera, comeza o fenómeno chamado "efecto biquini", no que se tenta reducir peso para a inminente chegada do verán. Algunhas das persoas que participan nisto pretenden baixar as súas medidas o máis rápido e sinxelo posible e, para logralo, empregan as "dietas milagre". Estas fomentan unha rápida perda de volume sen esforzos, pero é isto posible?

Existen moitos tipos destas dietas: encontrámolas ricas en hidratos de carbono e pobres en graxas, e viceversa. Tamén atopamos dietas baseadas nun só alimento. Os exemplos más consumidos son a dieta da piña e da alcachofa. Por outra parte, puxérone de moda polo consumo das supermodelos as dietas hipocalóricas, é dicir, aquelas en que se consomen poucas calorías (de media unhas 1.200 kcal). Outro tipo de "dietas milagrosas" son as dietas orixinais, caracterizadas por seren atractivas e exóticas.

Aínda que os que a realizaron presumen de conseguiu, a verdade é que os expertos nos advirten de que estas formas de alimentarse son moi perigo-

sas, xa que nos restrinxen de nutrientes esenciais, empeoran os nosos hábitos alimentarios e provocan insomnio, irritabilidade, etc. Ademais, pode levar a trastornos psicolóxicos como a anorexia, bulimia... Tamén se fala do efecto *io-io*, caracterizado pola rápida recuperación do peso perdido. Por último, advirten que este tipo de dietas poden causar a longo prazo enfermidades graves e incluso cancro.



Estas dietas supoñen un grave perigo nunha sociedade pouco a pouco máis familiarizada con elas, na que o 31% das persoas con sobrepeso as empregan, e que tan só provocan efectos negativos para o organismo. A desesperación e falla de información son as principais causas deste tipo de hábitos.

Tauromaquia e outras reflexións

Paula Alonso Mazorra (1º BAC)

Se falamos de tauromaquia, falamos da arte, cultura ou técnica de tourear ou lidiar cun touro. Pero é en realidade tal cousa? Ou, pola contra, non debería definirse como un espectáculo de tortura e asasinato dun touro coa conivencia dun público que, ademais, vitorea?

Xa que saen os vitoros á mesa, podemos incidir na insensibilidade e falta de raciocinio do público que non recoñece que os premios que recibirán o toureiro non serán unha fin de semana nun spa, senón más ben algunha parte do corpo no animal lacerado, quizais unha ou dúas orellas, ou mesmo o rabo.

En España, e tamén noutros países, mostramos unha gran falta de amor e compaixón polos animais. Sirva de exemplo unha serie de festividades canto menos grotescas e fóra de todo sentido común. Podemos mencionar, por exemplo, a celebración do Touro da Vega, os touros de xúbilo, as matanzas de golfinos en Dinamarca, o apedramento de Xudas, e unha longa lista de barbaries animais.

Os animais non están tan lonxe das nosas capacidades como nós cremos ou nos fan crer. É moi escotado o típico pensamento de que eles, os nosos non tan distantes compañeiros, carecen da capacidade de raciocinio. Pero ata que punto pode influír o instinto como para non deixarles pensar coma nós? E agora, falando máis persoalmente –se cabe– penso que eles son coma nós, viven en sociedades, cumplen as mesmas funcións vitais, comunicanse e tamén teñen sentimientos. Entón, que é o que nos diferencia?

Cando somos pequenos, as nosas capacidades para comunicarnos e pensar están aí. Alguén dubida delas? Non. Nos primeiros anos da infancia, os nosos pais, mestres, etc., traballan con nós para poder explotar e melloras as nosas capacidades de comunicación e pensamento. Exposto isto, eu pregunto: que pasaría se traballásemos cos animais para tratar de extraer o seu pensamento? Que pasaría se puidésemos saber que lles rolda pola cabeza?



O problema disto é que non interesa. As persoas non invisten en estudos desta natureza porque é unha evidencia que consideramos os animais unha especie inferior. E aquí xorde o concepto que hoxe en día soa tanto: o *especismo*. Que é o especismo? É a discriminación ou desvalorización dun animal fronte a outro polo feito dun pensamento máis achegado ou afectivo. Por exemplo, os occidentais (non todos, pero teño que pluralizar) poñemos o berro no ceo cando nos contan que os orientais comen carne de can, e mesmo pensamos que está mal porque para nós é un animal doméstico ao que lle temos cariño, más cá unha vaca ou un porco. En cambio, os habitantes da India non poden entender o motivo polo cal comemos carne de vaca, posto que para eles é un animal sagrado na súa relixión.

Cando pensamos nunha granxa, vénnos á cabeza unha pequena casa, un graneiro e unhas enormes terras verdes para que os animais pazan. Non sabedes o equivocados que estamos. Hoxe en día, os animais non viven –digo vivir por non decir malvivir– nunhas circunstancias realmente impactantes. Os polos son pechados nunhas gaiolas nas que apenas se poden mover, córtanllas o bico e inxéctanllas estróxenos e outras substancias para que medren con maior rapidez. O mesmo acontece coas galiñas e os coellos... No caso das vacas, son expostas a cambios de luz e tamén reciben substancias químicas para aumentaren a producción láctea. E todo isto, por que se fai? Para ter a carne de polo a tres euros o quilo e o litro de leite a cincuenta céntimos, e para que uns ovos custen unha miseria.

Non digo que teñamos que facernos vexetarianos ou veganos todos, non; iso é unha filosofía de vida non apta para todo o mundo, e menos para todas as economías. Vivimos nunha sociedade na que nos sobrealimentamos e tiramos os iogures porque ten biscatos de amorodo, e á vez, onde outros morren coa fame porque simplemente non teñen nada que levar á boca. Non custa nada reducir o consumo cárnicoo; temos outros alimentos con engadido proteíñico, se isto é o que lle preocupa ao mundo.

O maltrato animal non só está presente nas industrias da alimentación, senón na industria téxtil – lembremos a famosa extracción de pelo de coello en vida de Zara para facer xerseis de lá– e cosmética –lembremos as imaxes que viñeron dos EE UU dos monos maquillados na proba de produtos nos animais, ou das úlceras dos porcos– pero preferimos pechar os ollos, porque isto non nos importa. E este é o maior problema que temos no “primeiro mundo”: só lle damos importancia ao que nos afecta directamente; o demais está de máis.


Futuro Imperfecto

Laura Dauzón Otero (2º BAC)

Futuro imperfecto é para mi a visión do sacrificio, o compromiso e o amor.

Os duros golpes da vida ensinan a algúns a endurecer o corazón e a afrontar os días como unha meta, pero este libro reflicte que a dor realmente hai que sufrila, e para iso están os nosos amigos e familia, para afrontar a dor e ser más fortes cada día. En todo o que facemos, ata no máis mínimo detalle, é preciso que non nos rindamos por moi difícil que sexa porque, malia que non todos os finais son felices, paga a pena intentalo ata o final.

A loita contra a morte é dura e devastadora. Intentas levantar por riba de ti o peso da idea de perder a alguén que amas, toneladas e toneladas de peso. A maioría desiste, dáse por vencido ante o que lles parece que é o destino, suxeitando a man da persoa que cada vez está máis lonxe. E é por isto polo que admiro a Xulia, porque ela non se resignou a suxeitar a man do seu marido, senón que tirou dela para sacalo do pozo que, aparentemente, non tiña fondo. É nestas situacións cando a forza do amor entra na batalla, e este nunca xamais se rende. Non, o amor é o sentimento máis estraño e forte que hai e endexamais desaparece, acompañanos toda a nosa vida, aínda que non nos guste. Dá igual o que veña por diante sempre que teñas a alguén con que loitar; porque estar no campo de batalla, que é loitar contra calquera enfermidade, é algo demasiado terrorífico.



Portada do libro e fotografía da súa autora, Xulia Alonso

Así é como o sacrificio e o eros son unha mesma cousa nesta historia. A xenerosidade da autora déixanos marabillados ante o verdadeiro amor, puro a pesar das circunstancias e dos anos. Tamén resulta fermoso comprobar como os verdadeiros amigos e a familia poden ser piares fundamentais para soportar o día a día e convertérense, literalmente, en salvavidas.

En resumo, *Futuro imperfecto* é unha obra que representa a loita dunha verdadeira parella pola idea de ter simplemente un futuro, algo que non sempre é fácil.

Pola miña parte, non podería estar máis agradecida por poder escribir sobre a flor da alma de Xulia Alonso, a quen envexo pola súa valentía e por ese amor eterno, increíble e realmente inspirador.

Presentando a Nyno Vargas

Joana Pinzás Rodríguez e Lourdes Toribio Pardo (1º ESO)

Antonio Vargas Cortés, más coñecido como Nyno Vargas, é un cantante, compositor e produtor musical nacido en Burjassot (Valencia) o 24 de febreiro de 1993.

Desde neno demostrou ter "duende" para o flamenco. Auténtico fan de Camarón, en 2007 descubriu por casualidade a música rap e empezou a compoñer e gravarse co móvil. Saltou á fama co seu videoclip *Controlando Valencia*, que rexistrou e subiu a Internet, e acabou tendo un enorme éxito de visitas. Era o inicio da súa carreira. Nyno cumpliu cos seus fans sacando un novo videoclip, *Invicto*. Máis tarde, publica o seu

primeiro disco *Desde las 613*, e o segundo, *Chanelando el tema*. No seu estilo musical mestura flamenco, rap e reaggeton.

En 2014 empezou o efecto Nyno, que hoxe conta con centos de miles de seguidores.

Afirma que non coñece ningún rapeiro xitano, e menos que deixara o flamenco polo rap. Hoxe reconece que o seu pai se avergoñaba del por non cantar flamenco. A pesar do éxito e a fama, Nyno segue cos pés na terra e non esquece de onde vén, por moito que digan. Tamén di que sempre o criticaron por cantar rap sendo xitano. A loita mereceu a pena.





(Na páxina 61 da revista podes ler un artigo máis, neste caso sobre as Illas Cíes)

Desafíos de xadrez

A profesora Yolanda proponnos estes interesantes desafíos. Intenta resolvéllos! (Solucións: na páxina 60)

Yolanda Ruiz García (Departamento de Educación Física e Deportiva)

| Desafío 1 | Desafío 2 | Desafío 3 |
|--|--|---|
| NEGRAS  BRANCAS | NEGRAS  BRANCAS | NEGRAS  BRANCAS |
| Moven as negras. O peón branco está a só dúas casillas de promover. Onde debe colocar o alfil as negras para que capturen o peón antes de que promova? | Moven as negras. As brancas teñen un peón que está a dúas casillas de promover. Non obstante, hai unha forma pola que o cabalo negro pode bloquear a promoción dese peón. Podes atopala? | Moven as negras. Teñen un movemento que lles dá a oportunidade de capturar un peón branco, sen perigo de que os peóns negros sexan capturados. Cal é? |

Proxectos desenvolvidos no centro


Deseño en Tecnoloxía da ESO

Profesorado de Tecnoloxía e alumnado de 3º ESO


Este ano, por primeira vez no centro, os alumnos de terceiro fixeron en Tecnoloxía proxectos con cemento.

Traballaron durante varios meses no taller e tamén cos ordenadores. Obtiveron uns resultados moi atractivos, como se pode ver nas fotografías e nos planos. É unha mágoa non poder mostrar aquí todos os traballos, xa que eran moitos e moi bos.

O traballo realizouse en equipos de dúas ou tres persoas que colaboraron tanto na busca de información, nos bocexos, nos planos deseñados coa axuda do ordenador como na mestura dos materiais no taller.



Imaxe do deseño informático



Imaxe do deseño informático

Os profesores da materia, Raquel e Arturo, fixeron fincapé para que empregasen na medida do posible materiais de refugallo na construcción dos moldes e no encofrado. Empregáronse botellas de plástico, madeiras procedentes de proxectos dous anos e arames de cadernos usados para darlle más consistencia ás pezas.

A experiencia foi un éxito, polo que se repetirá o ano que vén. Se temos tempo gustaríamos fazer una pequena exposición na entrada do centro para poder compartir con todos o noso traballo.



Fotografías que recollen o resultado dos proxectos

A miña experiencia en *Oratoria*

David Barros Alfaro (Departamento de Música)

Oratoria é unha nova materia optativa en 1º da ESO. Durante as súas sesións, o alumnado enfróntase aos desafíos de falar en público, onde as emocións tenden a xogarnos unha mala pasada (o noso pulso acelérase, a respiración entrecortase, as mans tremen...). De todas formas, non hai nada que temer, é unha habilidade que se pode conseguir coa práctica e a través de trucos e consellos que non necesitan preparación previa.

Mostramos a continuación algunas achegas do alumnado que se inscribiu en *Oratoria* no presente curso.

"Temos a clase de Oratoria unha vez á semana. Nesta clase intentamos explorar a nosa voz facendo exercicios tanto corporais como vocais. Ao principio de curso realizamos algunas dinámicas de grupo para coñecernos mellor e perder a vergoña."

Ana Muñiz Ramilo, 1ºESOA

"....na clase de Oratoria exploramos a nosa voz facendo exercicios de respiración e de articulación. Por exemplo, recitamos rápido trabalinguas ou lemos textos con unha sóa vogal. Tamén imitamos diferentes voces famosas, ou do instituto..."

Pilar Iglesias Salgueiro, 1ºESO A

"Na clase de Oratoria, unha vez á semana, facemos varios exercicios para aprender a falar en público. Practicamos tanto a respiración como a correcta articulación de vogais e consonantes. O que más me gusta é cando improvisamos (teatro) e cantamos, porque aprendes a perder o medo escénico"

Claudia Vidal González, 1ºESO A

"Na clase de Oratoria facemos exercicios de quecemento do corpo e da voz, exercicios de respiración e articulación. Tamén falamos en público con micrófono, facemos diálogos e debates en grupos. Imitamos diferentes voces, facemos teatro, cantamos cancións e recitamos poemas"

Andrés Alves Martínez, 1ºESOB



Alumnado durante unha das clases de *Oratoria*

Creación

A árbore

Samoa (1º ESO)

Nun bosque, non moi lonxe de onde te atopas ti, estou eu. Ás veces, síntome importante, xa que coa miña frondosa sombra protexo os nenos do abrasador sol de verán. Aínda así, sei que en realidade non son nada: unha árbore entre miles de milleiros, un castiñeiro entre moreas de castiñeiro, un ser vivo entre moitísimos seres vivos. Mais non por iso vou deixar de sentirme ben, porque son unha máquina do tempo que viu moitas cousas e gustaríame contárvolas:

Todo comeza cando eu non era máis ca unha poliña. Acórdome de ver pasar a toda a xente do pobo. Fuxían de algo... ou de alguén. Si! Si! Fuxían duns señores que vestían moi raramente. Creo que se chamaban... romanos. Conquistaron toda Galicia e impuxeron o seu idioma. Tamén chegaron outros pobos ao noso territorio, mais deles só quedan algunas verbas.

Moitísimos anos despois, cando non era tan meniño, uns reis expulsaron os hispanos de relixión musulmá de Galicia (e do resto de España, claro), pero impuxeron a súa relixión: a cristiá. Esa época foi terrible, xa que non se podía profesar outra relixión que non fora esta, e moita, moitísima xente morreu das formas más arrepiantes das mans da chamada Santa Inquisición. Nesa época tamén había moitísimas enfermidades, e o normal era que a xente morrera aos 20 anos.

Por sorte, ese tempo é auga pasada, pero isto non quiere decir que o seguinte acontecemento moi importante da historia de España vaia ser mellor. Moitas das persoas que teñen más de corenta e cinco anos vivirono. E este gran acontecemento foi... a época na que un individuo ao que chamaban Franco gobernou. Os únicos que saían beneficiados disto eran os ricos. Os pobres (só había dúas clases socias) vivían nas penurias e os nenos ían traballar ao campo dende o momento no que podían co peso do angazo (léase *Memorias dun neno labregu*).

E... tachán! Chegamos á época actual, a mellor aparentemente para os humanos que viven ao meu redor, xa que hai vacinas, tecnoloxía, gobernos relativamente "xustos" e nenos felices. Pero témome que é a nosa peor etapa. Antes, cando as persoas o pasaron tan mal,



nós, as árbores, respirabamos un aire puro e en calquera sitio había moitísimas compañeiras. Mais, áinda que lles proporcionamos comida e refuxio a estes humanos, hoxe en día a contaminación non nos deixa vivir e cada vez talan máis seres da nosa especie para construír lugares que acabarán emporcando de novo. Non só o digo por mim, senón por todos os seres que habitan na Terra, na nosa enferma Terra. Agora, podo morrer tranquila, xa me poden talar...

Plum! Unha dor punzante percorre todo o meu corpo: dende as raíces mais finas ata as follas más secas. Isto fai que milleiros de recordos invadan a miña mente: Salvaxe, o meu fillo; a inundación...

Plum! Plum! Plum! Salvaxe era outro castiñeiro, chamada así pola súa indomable copa e polas súas ganas de facer o imposible: moverse. Ela non entendía o porqué daqueles humanos que pasaban a vida deitados por pracer, no canto de moverse. Sempre o intentou, incluso nos seus últimos momentos de vida... O día no que morreu Salvaxe, case morro tamén eu. Resulta que despois das abundantes chuvias de abril, o río desbordouse, provocando desta maneira na depresión onde nos habitabamos unha monstruosa inundación que causou a más dolorosa das mortes. Moitos morreron afogados e só os que tiñamos un tronco rexo e grande sobrevivimos...

Plum! Plum! Plum! Eses fríos golpes devólvenme á realidade. Polo menos, cando morra podereime reunir co meu fillo, un laranxeiro que adoptei. Cada verán daba unhas laranxas con celme que moitos nenos adoraban. Un día, un vello colleuno e levouno para a súa casa. Non volví saber del ata que o meu amigo o corvo comunicou que morrera: o vello botárao ao lume. Ese foi o día máis triste da miña existencia.

Unha bágoa percórreme a faciana. Nisto, sinto como me separo da parte que me unía ao chan. Axiña saberei o que é a morte...

Cando perdín a visión

María Fernández Álvarez (2º ESO)

Era unha mañá dun luns 8 de xaneiro cando me diagnosticaron unha deficiencia visual. Os médicos dixerón que probablemente me curaría, pero non foi así. Despois duns meses, perdín a visión por completo. O mundo caeu enriba miña. Empecei a imaxinar todos os problemas que tería, o que pensaría a xente de min, que sería da miña vida, pero quisen pensar que me curaría. Os meus pais tamén o tomaron con moita tristura, pero confiaban, igual ca a min, en que curase.

Os primeiros meses foron moi complicados. Adaptarme aos sitios foi moi difícil, pero tiña a sorte de contar sempre con alguén para axudarme. Tiven que cambiarme de colexió adaptado para este tipo de discapacidades.

Os médicos asignáronme un can guía, ao que chamei Tobi. Aínda que non sabía como era, tiña a sensación de que cambiaría a miña vida. Todas as mañás me levaba ao colexió e polas tardes acompañábame a dar un paseo. O más importante que me ofrecía Tobi era a compañía e o consolo no momento en que a miña cabeza pensaba no meu pasado, cando áinda podía ver.

Ao pasar os anos, estaba case que afeita á miña rutina diaria. O día 14 de xullo fun a unha nova revisión médi-



ca no hospital acompañada dos meus pais e de Tobi. A enorme sorpresa foi que, logo da revisión, os médicos confirmaron que neste momento podería someterme a unha operación con moitas probabilidades de éxito. Botei a chorar.

De acordo coa opinión dos médicos, a operación foi un éxito. Agora falta esperar e comprobar, pasados uns días, que efectivamente podo volver ver. Manterse nesa incerteza foi o segundo peor momento da miña vida.

Cando chegou a revisión, os médicos retiraron a vendaxe e puiden abrir os ollos. Unha enorme luz fixo que tivese que tapalos, pero volvíngos abriles e, ante min, os meus pais, a miña familia, os médicos... Boteime a chorar de alegria.

A pesar de estar recuperada, teño que dicir claramente ás persoas con algúna discapacidade que, aínda que é complicado de levar, nunca deben perder a esperanza, pois pode ocorrélles algo parecido ao que me aconteceu a min.

A miña vida volveu á normalidade anterior, e agora estou aquí, con 13 anos, no instituto, contándovos esta historia inesquecible, e pensando en a que outras persoas estará axudando Tobi.

Unha etapa de vida e noxo

Laura Mazoy García (2º ESO)

E stava xogando cos meus cans no meu prado, cando unha forte racha de vento me tirou ao chan e me provocou unha dolorosa ferida nos xeonllos. Non sabía que fora o que a causara nin por quen fora provocada. Tan só fixei a vista na miña querida árbore que aquel maldito vendaval tirara. A árbore era o meu vello, aquel recunchiño en que me consolaba cando estaba anoxada e tristeira, e ela era quen me suxeitaba nas súas grosas pólas para avistar a marabillosa paisaxe que formaba un bosque cheo de centenarias e imponentes ábores.

Corréi ao seu carón e deiteme xunto ao seu forte tronco abatido.

Fixeime que á súa beira, ao lado oposto ao que se dirixía o vento, había un pequeno carballo tentando saír á superficie. Sorprendinme. Chamei os meus cans e entre os catro desenterrámolo. Tiña unhas finas raíces e un precioso talo con follas verdes. Eu desexaba naqueles momentos coñecer como aquela gran ventada tirara un exemplar semellante como o meu querido vello. Nunca o cheguei a saber pero deime de conta de que a morte deixa paso á vida.



Caníbal

Hernán Rodríguez Iglesias(2º ESO)

Entón, Luna decidiu entrar naquel lugar, e probablemente foi a peor decisión da súa vida. Nada más cruzar a porta, oíu o renixer das táboas do sobrado, maltratadas polo tempo e tan só tocadas polas almas en pena que vagaban por aquela casa, afastada da cordura e da piedade de deus. Ao oílo, intentou fuxir, pero non o conseguiu. Arrepiada, decidiu buscar outra saída. Subiu unhas escaleiras, xa que non estaba disposta a ir á cociña, que parecía a sala peor coidada e non tiña ningunha luz. Había tres cuartos. Entrou no primeiro, e encontrou un cadáver atado de mans e pés, desgarrado e destripado, con apenas pel. Berrou e correu, e entrou no segundo; sen ver o que había, pechou a porta, agochouse detrás dela, e cando se calmou, abriu os ollos. Xusto ao seu carón, un home, achegándose, delgado, queimado, cortado e esfameado, probablemente encerrado alí dende había moito tempo. O corazón de Luna comezou a latexar rapidamente, cría que lle ía saír do peito. Quería correr, pero non podía, quería berrar, pero non serviría de nada; só podía agoniar no chan, mentres sentía como se lle esgazaba a pel a tiras. Axiña só sería outro cadáver naquel recuncho do mundo onde a cordura e a piedade de deus desapareceran había ben tempo.



Pantasmaño

Ainara Márquez Martínez (2º ESO)

No meu barrio hai unha casa abandonada. Todos os meus amigos din que está encantada, pero eu non o vexo así. Eu miro unha casa antiga, estragada polos anos, pero a pesar de todo con moito carácter arquitectónico.

Hai un par de semanas, os meus compañeiros fixeron unha aposta comigo:

- Antón, va que non te atreves a entrar nesa casa?

- Claro que me atrevo, lémbrovos que non está encantada.

- Si que o está.

- Que non.

- Que si...

(...)

- Veña, pois o sábado pola noite vimos e ti como es tan valente entras. Nós, entremetros, agardamos fóra, valeu?

- Claro que si.

No fondo, si que tiña un pouco de medo, pero quería demostrarlle a Sonia que era moi valente e atrevido, e así poder conquistala.

Chegou o día. Eu levaba unha lanterna e unha cámara para gravar todo o que acontecese. Cando ía entrar, Sonia a chegouse a min e díxome que non facía falta que o fixera, pois non lle tiña que demostrar o valente que era porque eu xa lle gustaba dende había ben tempo. O caso é que agora non había volta atrás. Quedaría como un covarde diante do meu grupo de amigos. Entón, alá me dispuxen e entrei.

Todo estaba moi escuro, prendín a lanterna e comecei a filmar. Na parte dianteira da casa había un gran recibidor. Á man dereita, unha cociña e á esquerda, o salón comedor. Subín ao primeiro andar e dirixinme a un cuarto, e a outro, e a un terceiro, que tiña a porta pechada. Xa cun pouco máis de medo no corpo, asexei pola pechadura, pero non vía nada máis



que unha cadeira que atrancaba a porta dende o outro lado. Por que estaba a porta atrancada dende dentro? Quen estaba ali? Tremíanme as perniñas, parecía un flan. Pensei en marchar daquel lugar tan aterrador, pero desistín. Decidín abrir a porta dun repuxón e, cando conseguín abrila, fiquei abraiado co que vin dentro. O cuarto estaba cheo de globos por todas as partes, e unha gran torta de aniversario. Non entendín nada. Enfeitizado por aquela maxia, chamei polos meus amigos que me agardaban fóra, os cales entraron pola fiestra, e xa alí começaron a cantarme o parabéns para ti. Foi unha sorpresa enorme para min. Estabamos todos gozando do momento, cando sentimos un estrondoso ruído no corredor. Saímos todos a fume de carozo, pois o que más e o que menos estaba cagado de medo, pero diante de nós vimos correr un gato, que pensamos era o causante de tanto balbordo. Vímolo saír de detrás dun moble. Era completamente branco, mesmo daba a impresión de ser unha pantasma. Miramos os uns para os outros e começamos a rir como parvos. Comemos a torta e, ao rematar, cada un foi para a súa casa.



Ao día seguinte, a min ainda me esperaba outra sorpresa máis. Aquel gato que tanto nos asustara apareceu na miña casa, acariñeiro e acollino, e de nome púxenlle Pantasmío, non só polo susto que nos dera senón pola súa intensa cor branca.

Microrrelato: Rutina

Candela Nogueira Pérez (2º ESO)

Outra vez a mesma rutina. Erguerse, lavar a cara e sorrir, sempre sorrir. Ese sorriso pequeno que guarda miles de sentimientos e bágoas.



Microrrelato: Refuxiados

Diego Fernández Pérez (3º ESO)

Saímos. Era noite pecha. Na escuridade só se escotaba o son xordo das bombas. Adeus á casa, aos amigos, á paisaxe. Tristura, medo, morte, todo no mesmo momento. Camiño, noite, día..., e ao lonxe a fronteira vestida de esperanza, vida, ledicia e... Futuro!



A nosa memoria

A primeira televisión de Torneiros

Samoa (1º ESO)

No ano 1971, cando o meu avó Albino tiña 31 anos e a miña avoa Bienvenida 30, no seu fogar xa xogaban cinco nenos. Ata ese momento, viviran en casas de aluguer, pero decidiron facer unha casa no terreo que herdaran do meu bisavó; mais o soldo de carpinteiro de Albino non chegaba para pagala. Como a miña avoa non podía traballar (xa que tiña que coidar dos pequenos), o meu avó, coma moitos obreiros españois naquela época, emigrou a outro país na procura dun traballo mellor pagado. No seu caso, foi parar a Holanda.

A primeira vez que marchou (no Nadal sempre volvía), os seus fillos, sen comprender moi ben aquilo de que fose traballar a outro país (porque estaban afeitos a que volvera á casa pola noite) non tiñan unha conciencia moi clara do que ía pasar; co cal só Bienvenida chorou pola súa marcha. Logo, pasaban os días, as semanas e os meses e os cativos preguntábanlle á súa nai por que Albino non volvía.

Pero o Nadal chegou, e con el, o meu avó; e co meu avó, moitos agasallos exóticos traídos dende Holanda. Pero sempre tiña que volver, deixando atrás a moitos fillos tristeiros. Cada Nadal sucedeu o mesmo, durante os catro anos que Albino estivo nos Países Baixos.

Cando ía volver definitivamente a España, ocorréuselle traer un aparello pouco visto: unha televisión.



Daquela, as televisións eran algo semellante a unha enorme e cadrada caixa de cartón na que dentro había cables e lámpadas que facían que se proxectara unha imaxe na pantalla que tiña nun dos costados.

Despois duns problemas técnicos coa fronteira, a televisión chegou á casa. Este agasallo foi único, xa que no barrio nunca viran algo así. As imaxes víanse en branco e negro, e os cativos (agora eran seis) sempre ían por detrás a ver onde se agochaban os bonecos da pantalla. Á vez, contábanles aos nenos o magnífico que era o invento, co cal, cada tarde organizábase na casa dos meus avós un pequeno cine no seu salón, para que todos os nenos puideren ver a primeira televisión de Torneiros.


Albino non volveu a Holanda pero o aparello aínda segue na casa, collendo po no faiado.

Memoria do Porriño. Como se vivía hai cincuenta anos?

O relato da avoa dun alumno de 1º ESO permítensen entender a enorme trasformación producida nos hábitos de vida da sociedade nun curto período de tempo.

Miguel Ramírez Estévez (1º ESO)

Liña avoa contoume que, cando ela era unha nena, o seu pai traballaba nunha fábrica de madeira para traer os cartos á casa, e a súa nai traballaba no campo e criaba os seus fillos. Cando ía á escola, só tiña un libro e un



caderno, e para merendar levaban un anaco de pan de millo ou ás veces nada porque non había para ela nin para os seus irmáns. Tiñan varias vacas na corte e ela muxíaas, e levaban o leite a vender a unha tenda onde o recollían, co obxectivo de facer uns poucos de cartos. Ía cos seus irmáns e os seus pais co carro de bois a traballar a terra. Botaban millo, e ao apañaren o cereal, metíano no canastro e logo debullábano para levalo a un muíño a moelo e facer fariña. Con esa fariña, alimentaban os animais ou cocían pan de millo nun forno de pedra ou de barro. Para facer o pan, amasaban a fariña nunha artesa, poñían o fermento, deixábano un pouco de tempo e metíano no forno, pero antes de tapalo, facían unha bola para comer eles con sardiñas ou *arencas*.

Coa folla da planta do millo, o folleco, facían colchóns ou xergóns. Cortaban a herba no campo, estendíanala e deixábana secar. Cando xa estaba

seca ía cos carros de bois a buscalo para facer medas. Esa herba dábaselle ao gando. Cando as vacas estaban preñadas e nacían os seus becerros vendíanos para teren diñeiro e poderen comer e mercar cousas para a casa.

Non había coches e polo tanto tiñan que ir en autobuses que pasaban só unha vez á semana. Trasladábanse os días de mercado para vender a froita que recollían na súa horta, e o resto dos días tiñan que ir a pé. Non había televisión nin teléfono, así que se comunicaban por carta. Vivían nunha casa pequena con dous cuartos, un para os seus pais e outro para ela e os seu irmáns. Para se bañaren, facíanlo nunha tina, e para as necesidades utilizaban un retrete no que debaixo se situaban as cortes dos animais. Só tiñan un par de zapatos e un ou dous vestidos, un para uso diario e outro para os domingos e para ir ao baile.

Miña avoa di que a vida de antes era moi dura.

Relato da vida da miña avoa

María infórmanos sobre a súa avoa, María Josefa Pereiro Fernández, de 71 anos de idade.

María Fernández Álvarez (2º ESO)

Na antigüidade, a miña avoa era unha gran traballadora. Non lle quedaba outra, pois a súa familia era moi numerosa, cun total de dezasete irmáns. Ela era a primeira muller. A partir dos 6 anos, empezou a escola xunto coa súa irmá Alicia, pero non ían todos os días. Polos graves problemas económicos que tiñan para manter a súa familia, normalmente ían un día si e outro non. Alicia era moi estudosa, más cá miña avoa. Un día dos que lles tocaba ir á escola, Alicia non puido ir porque estaba enferma. A miña avoa foi moi lista e sentou na cadeira da súa irmá, porque era a de adiante de todo. Cando chegou a profesora, pareceulle boa idea e díolle que a partir de agora sentaría sempre nese sitio. Cando ao seguinte día chegaron á clase, Alicia viu que o seu sitio estaba ocupado pola súa irmá, e tívose que ir para atrás, aínda sendo a mellor estudiante das dúas. Esta é unha pequena anécdota das que sucedían naquela época. Ademais diso, só tiñan un libro para estudar.



Fotografía antiga dun aula tradicional

A comida. Para comer, a miña bisavoa sempre lles facía un bocadillo de pan con aceite. Ou tomaban case sempre sopa ou patatas cocidas con peixe. Na súa casa, a comida tiña que ser moi ben repartida, e díxome a miña avoa que, a pesar da situación, non tiveran case nunca problemas. Isto é unha pequena anécdota, para que nos decatemos da pobreza da época: cando ían buscar o pan á pandería, tiñan que vir correndo para a casa co pan ben metido no medio das mans para que os outros

rapaces que necesitaban non lles roubasen miguiñas de pan.

A mesa onde comían era como a dos 12 apóstolos, segundo a miña avoa. E di que se portaban bastante ben, que non adoitaban pelexar.

As obrigas. Cada irmán tiña que facer cadansúa tarefa, por exemplo: lavar a louza, facer as camas, a comida, etc. A súa nai non o podía facer todo.

Os xogos. Para xogar utilizábanse xogos moi antigos, e algúns deles áinda se seguen a usar hoxe. A corda, a pelota, as monecas de trapo feitas con teas por elas, xogos coas mans, o pilla pilla, as bolas, etc.

A roupa. A roupa que levaban estaba formada por pequenas saias e camisolas de tea cosidas pola súa nai ou por veciñas costureiras. Os días despois de chegar a casa, como non había lavadora e tiñan tanta roupa, ían lavala ao río de san Xoán, onde xogaban tamén a correr pola herba.

Festas. As épocas importantes coma o Entroido, o Nadal, as festas do pobo e outras, sempre as pasaban en familia, e cos seus amigos e amigas.

Anécdota do Entroido. Nas festas do Cristo, celebradas no Porriño, había cabezudos, que eran monecos moi grandes con cabezas enormes e zocos de madeira. Áinda son os que hai hoxe en día. Todos os nenos e nenas tíñanllles medo. Entón, cando vián un cabezudo, metíanse correndo na casa, ata



Fotografía de cabezudos do Porriño en 1960. Foto Magno, Arquivo Municipal da Imaxe, O Porriño

que unha das veces, un cabezudo entrou na casa con eles e todos começaron a berrar espantados. O cabezudo sacou a enorme cabeza para ensinarlle aos nenos que en realidade era unha persoa normal. Dende ese momento deixaron de terles medo.

Escribín esta pequena historia para que nós, os novos, observemos a pobreza e os poucos medios que había antes. Por isto, quero agradecerlle á miña avoa que me contase esta historia.

Os recordos de Rosa

Sara Castro Pérez (1º ESO)

No ano 1923, en Amoedo, unha pequena aldea do municipio de Pazos de Borbén, naceu unha cativa chamada Rosa. Cando tan só tiña seis anos, tivo que marchar da súa casa para ir servir a unha casa situada na parroquia de Cesantes, xa que na súa vivenda apenas había para comer porque a súa nai estaba soa e tiña outros dous fillos. Ademais, a nai de Rosa traballaba no campo e non tiña cartos para manter a tantos fillos. Coa familia de Cesantes Rosa non tivo moita sorte porque apenas lle daban de comer, pero ela, moi lista, collía o leite das vacas e botáballe pan,

para así poder tomalo e logo ir durmir debaixo da viña. As súas tardes eran moi particulares debido a que ía ao monte a ter conta do gando.

Anos despois, cando Rosiña cambiou de familia, a súa vida mellorou un pouquiño, áinda que tiña que traballar moito: cavar as viñas, botar as patacas, axudar a súa xefa a cuidar os seus fillos... Ademais, Rosa repartía o leite polas casas da parroquia e tamén en Vigo; polas mañás levantábase cedo, collía os latóns de leite e ía ao apeadeiro do tren para poder ir cara a Vigo. Alá tiña uns clientes fixos e deixáballes o leite e mais os ovos. Ao mediodía,

regresaba de novo para a casa onde xantaba e ao rematar, durmía unha pequena sesta. Ao erguerse, traballaba un pouco no campo e á noitiña, muxía as vacas e fregaba os latóns do leite con area, e sempre se atopaban brillosos e chamaban a atención xa que estaban moi limpos. Despois, cun carriño, recollía o leite das vacas dos veciños para así á mañá seguinte ir outra vez cara a Vigo a facer o reparto.

Cara ao ano 1936, cando Rosiña tiña aproximadamente 13 anos, comezou a Guerra Civil e a illa de San Simón, situada na parroquia de Cesantes, foi empregada como campo de concentración para presos políticos contrarios ao franquismo. Alí tamén mataron a moitísima xente. Rosa, nunha pequena gamela, ía cara á illa de San Simón para levar o leite aos presos. Ela lembra que naquela época levaban os presos nunhas barcas ata Cesantes, e alí obrigábanos a traballar limpando camiños e matos.

Pasada a guerra, polo ano 1948, Rosa, xa adulta, casou e tivo tres fillos. Ademais, tiña a súa propia casa e as súas propias vacas, polo que, sen depender de ningún, todos os días ía a Vigo a repartir o leite. Chegou a realizar este traballo, que facía moi



Monumento ás leiteiras (Ourense)

contenta, ata o ano 1998, cando tiña 75 anos. O campo e as vacas eran a súa paixón xunto coa sesta e o cafeciño.

Hoxe en día bota moito de menos aqueles anos tan duros pero inesquecibles.

Esta é a vida de Rosiña, a miña querida bisavaoa.



Grupo de presos fronte a un dos pavillóns do cárcere da Illa de San Simón



Traslado de presos en barca desde a Illa de San Simón

Entrevistas

Entrevista ao escritor Manrique Fernández

O día 29 de marzo de 2016 visitounos o xornalista e escritor Manrique Fernández, autor do libro *Tres feridas* que lemos en 4º de ESO para a materia de Lingua galega e literatura.

Nerea Fernández Diz, Anair Martínez Alonso, Bianca Martínez Lemos e Mili Pérez Rocha (4º ESO)

Manrique estudou Ciencias da información na Universidade Complutense de Madrid e ao rematar regresou a Galicia para exercer a súa profesión en diversos medios de comunicación, tanto na prensa escrita coma na radio e a televisión. A pesar de ser license, é ponente de adopción, e dende o ano 2002 exerce como director-xerente da Fundación Rogelio Groba e participa activamente en varias asociacións desta localidade.

A súa obra creativa está integrada por traballos xornalísticos e biográficos vinculados á figura de Rogelio Groba. No ano 1999 publicou *Floralba*, un libreto para ópera que o foi representado o ano pasado polo grupo de teatro do centro. Gañou o XVIII Certame literario Manuel Oreste Rodríguez López co conto “Mar maior”, que foi publicado polo Concello de Paradela nunha obra colectiva. A finais do ano 2014 publicou o libro *Crónicas de Embora*, formado por dez relatos, e este ano 2015 viu a luz *Tres feridas*, novela que puidemos ler este trimestre e que nos gustou moito, a pesar do final que nos desconcertou algo.

O alumnado de 4º de ESO A e B aproveitamos a visita do escritor para entrevistalo sobre a súa recente publicación, *Tres feridas*, e tamén facerlle algunha pregunta sobre a peza dramática *Floralba*.

1. Alba Barreiro: Cal foi a túa inspiración para escribir esta novela? Quizais algunha vivencia, algún libro...

Manrique: Nunha ocasión decidín presentarme a un concurso de relato curto que esixía como requisito escribir un texto en 1.500 caracteres. Comecei a escribir a historia e quedoume bastante longa e



despois de moito acurtala decidín deixala de lado para retomala no futuro. De aí saíu a novela de *Tres Feridas*, cuxa primeira parte é unha reconstrucción daquel conto gardado, centrado na figura de Elina.

2. Anair Martínez: O que más nos sorprende da novela foi o final abierto. Se ti tiveses que elixir un final para Elina, cal sería?

M.: Imaxinaba que me íades facer esta pregunta. Cando era coma vós e lin a obra de Sánchez Ferlosio titulada *El Jarama*, quedei sorprendido co seu final no cal Luci morría. Este acontecemento deixoume impactado porque namorara desta protagonista e non fun quen de imaxinar a súa morte. Por iso, nun comezo pensara noutro final para Elina, pero segundo se ía desenvolvendo a novela e a personaxe de Elina ía tomado forma modifiquéi o seu final para que o lector fose partícipe del. A personaxe (esta nova Luci) rebelouse contra min e eu elixín salvar a Elina, por iso o libro remata con un café que comparto coa protagonista.

3. Hugo Vilariño: Por que motivo o libro se titula *Tres Feridas*?

M.: Eu decidín poñerle este título á miña novela porque casualmente atopei o poema de Miguel Hernández titulado “Tres Feridas”, que apareceu cando case tiña a novela rematada, pero aínda sen título, así que encaixou perfectamente. A primeira ferida é a vida, na cal Elina vai falando da súa vida; a segunda é a do amor, na cal Rafael fala do amor que lle ten a Elina, ata o punto de buscar a súa

propia morte; a terceira é a da morte de Eduardo, irmán de Rafael.

4. Laura Soliño: Na novela aparecen lugares que son descritos con moita precisión. Santiago de Compostela, Madrid, Nigrán... Ademais de ser localizacións importantes na novela, tamén o son para o seu autor?

M.: Vivín catorce anos en Madrid, de aí que sexa unha cidade que coñeo ben. En Santiago de Compostela teño estado. En Rianxo vivín de pequeno un tempo. O resto tamén son lugares coñecidos por min, pero non teñen ningunha significación especial. De todos os xeitos, sempre está a rede para investigar.

5. Mili Pérez: Agóchase algúnsa historia persoal ou de seres próximos a ti neste libro?

M.: Algo si que ten de min porque o escribín eu, forma parte da miña biografía, pero non ten ningunha historia en concreto miña ou doutras persoas próximas. Dalgúnha maneira as vivencias trasládanse aos personaxes, por iso todas as novelas teñen parte de realidade.

6. David Míguez: O nome de Elina chamounos a atención. Por que elixiches este nome para a protagonista?

M.: Porque non quería que tivese un nome moi común. Buscaba un con personalidade e cando escoitei na casa dun amigo o nome de Elina, unha muller da aldea Cans, souben que era ese o que andaba buscando.

7. Santi González: Canto tempo che levou escribir esta novela?

M.: O proceso de creación levoúme entre seis e oito meses, pero contando as revisións poderíamos poñer uns dous anos, xa que, ademais de escribir, teño que repartir o meu tempo entre o traballo e outras ocupacións.

8. Alba Caballero: Se puides agora mesmo cambiar algo do libro, polo motivo que fose, que cambiarías?

M.: Creo que non cambiaría nada, xa que quedei moi contento co resultado.

9. Bianca Martínez: A que idade comezou a túa vocación de escritor?

M.: Comecei con 14 anos porque, cando estudaba, un profesor mandoume facer un poema para un concurso que organizara el e, sorprendentemente, gañei. Nese momento dinme conta de que non se me daba tan mal escribir e dende entón seguiño facendo.

10. Sara Pérez: Queremosche dar as grazas pola túa obra teatral *Floralba*, que tivemos ocasión de representar no centro. En que te baseaches para escribir a obra?

M.: As grazas teño que dárvolas eu a vós por representala. *Floralba* é unha lenda popular, desas que se vai contando de avós a netos e vai pasando de xeración a xeración. A min as lendas fascínanme. Cando cheguei a Ponteareas, algunas persoas começáronme a ensinar lugares deste concello (o castro de Troña, a ponte das Partidas, etc.) e sorprendeume comprobar que coñecían lendas asociadas a todos esos lugares. E xa non só as de mouros e trasnos, que tamén, senón

algunhas que tiñan unha trama case novelesca. Entre elas salientaba pola súa popularidade e fermosura a de *Floralba*. A min chegáronme media ducia de versións distintas da lenda. Eu o que fixen foi darré forma ao relato e unha estrutura un tanto coherente. Así acabou saíndo a peza que vós representastes.

11. Sara Pérez: Existiron realmente os personaxes de *Floralba* e don Fiz Sarmiento?

Se queres coñecer a interesante resposta que nos deu o autor sobre esta pregunta, consulta os nosos Cadernos de Teatro, nos que publicamos unha ampla reportaxe sobre as obras representadas.



Entrevista a Howard Walsh, auxiliar de conversa en inglés

Esther Costoya Pérez e Guillermo Comesaña Casal (Departamento de Inglés)

Neste novo número da revista, imos tamén coñecer un chisquiño a Howard Walsh, o noso auxiliar de conversa, a través dunha entrevista que non ten desperdicio. Para elaborar as preguntas, contamos coa inestimable axuda dalgúns dos nosos nenos e nenas da ESO. Deste xeito poderemos coñecer detalles da vida de Howard máis aló das aulas; experiencias que sen dúbida lle axudaron e axudan a ser a persoa e o profe que é e que quere ser no futuro. Iso si... ides ter que facer un pequeno esforzo porque as súas respuestas están en inglés. Ó fin e o cabo, así foi como el contestou e, o noso, é un xornalismo rigoroso!

Alumnado de 1º e 2º da ESO

Comecemos, pois, cunhas preguntiñas curtas. Here we go!

What is your favourite...

...**film?** Jaws.

...**animal?** A bull.

...**song?** The Year of the Cat, by Al Stewart.

...**singer?** Bob Dylan.

...**season?** Summer.

...**actor?** Michael J. Fox.

...**book?** Coming Up for Air, by George Orwell.

...**sport?** Football.

...**football team?** English, Chelsea. Spanish, Real Madrid.

...**colour?** It depends. In general, it's green; but I like blue for clothes and red for cars.

...**brand of clothes?** Gap.

...**clothes shop?** Gap shops.

...**number?** Seven.

(Propoñemos que primeiro intentes entender esta entrevista en inglés. Despois, podes consultar unha versión traducida na páxina 60)

Agora imos con outras más completiñas:

Alumn@s do IES Ribeira do Louro (RdL): Have you got any pets?

Howard (H): No, not here. But I've got two tortoises in London.

RdL: What are their names?

H: Joe and Rocky.

RdL: Why did you decide to come to Spain? Is it your first time here? Are you happy with it?

H: I like living abroad and seeing new places, cultures and food. I was in Huelva two years ago and it was a very nice experience so I'm happy with it! I also cycled the Way to Santiago with a friend some years ago. We started at La Rochelle, in France. But this is my first stay in Galicia for a long period of time.

RdL: What do you like about Galicia? What's special about it? Your favourite place?

H: The people, they are very nice, friendly and hospitable and I made a lot of friends outside of work. The food is quite interesting too (he'll talk about it later!). I like Santiago, it's a very interesting historical town.

RdL: Do you like Vigo? Why? Have you visited other places?

H: It is quite a big city. I live near the stadium and that's quite exciting! I also walk to Bouzas quite a lot. I go fishing there and I saw a few dolphins like a month ago. I'm enjoying my stay, I am happy here. I am visiting interesting places, like Baiona, Cangas, Pontevedra, the Cíes Islands... I am exploring different areas and I have seen interesting events like the Arribada in Baiona or the Recon-

quest in Vigo. I am also learning to cook the typical Spanish and Galician dishes.

RdL: Do you prefer London or Galicia?

H: At the moment, I like being away from London. Eventually, I think I'll miss my family and friends.

RdL: What place in London would you recommend us to visit?

H: The Westminster area, for example. You can see important places like Westminster Abbey, where coronation ceremonies take place and where monarchs and important people, like Isaac Newton, Charles Darwin, Henry Purcell or G. F. Haendel are buried. You can also see the Big Ben, the Houses of Parliament and 10 Downing Street, where the British Prime Minister lives; you can also go for a ride on the London Eye. Buckingham Palace is also very near.

RdL: Are you a sporty person?

H: Yeah, definitely! I go swimming and cycling and I also watch a lot of sport.

RdL: Apart from football, what sports do you like practising or watching on TV?

H: I like Formula One, cycling and tennis.

RdL: Do you like our gastronomy? What's the best Galician dish you've ever tried?

H: Yeah! Octopus (Galician style), cocido and empanadas. I was too scared to try the lamprea because of its scary face.

RdL: When is your birthday?

H: 28th July

RdL: Have you always worked as a teaching assistant?

H: I've done it a few times and I had a job in IT working with computers.

RdL: What would you like to do in the future?

H: I'd like to be a Language and History teacher because I do love teaching and these two subjects.

RdL: Tell us a little bit about your first day at this school and how you felt.

H: I was a bit nervous because I had to meet new people, students, all the staff. I also had to check my timetable... However, I felt excited at the same time. It was a good first day and week!

RdL: Do you like our school? Are you having a good experience here?

H: Yes, I do. I like the variety I have in my activities: I am in contact with students of different ages, (from 12 years old to adults), I take part in some lessons I like (music and chess) and I also like the extra-curricular activities like the *magosto* or the carnival.

RdL: Would you repeat next year?

H: I would like to but I feel it is my duty to see new places and I should move around as I don't have any ties.

At the end, Howard wanted to thank all of us for the way we treated him and summarize his experience with these words: "I'd like to say that I'm really enjoying being here and teaching/working with the students. I'll be sad to leave!"



The Big Ben (esquerda) e The London Eye (ao fundo)



Westminster Abbey



10 Downing Street

Homenaxes

Grazas, Alfonso!

Agradecemento ao labor prestado polo noso compañoero Alfonso co motivo da súa pronta xubilación.

Persoa non Docente do IES Ribeira do Louro

Hai persoas que teñen o don de marcar unha época, de deixar pegada. Persoas que pasan a formar parte do ADN do seu contorno, como a que se fixo omnipresente nas máis de dúas décadas de historia do Ribeira do Louro.

Foi un neno de familia humilde que medrou correndo polo Saramagal, cos seus moitos irmáns, oíndo a súa nai chorar polas noites por mor das enormes necesidades que pasaban os fillos dun pai ausente.

Sendo áinda un rapaz, atravesou o Atlántico na procura, como tantos, dun futuro mellor. Un rapaz de aldea que chegou a unha gran cidade, que troucou a chuvia e o frío por un clima cálido e descubriu unha sociedade aberta e alegre.

No seu Montevideo anhelado furtoulle horas ao día para compaxinar xornadas de traballo e longas noites de festa e amoríos. Foron anos felices de mozo coqueto e reincidente nas conquistas amoroosas. A que lle duraría toda a vida atopouna no seu retorno a Galicia. Din que *nin contigo nin sen ti teñen meus males acougo; contigo porque me matas, sen ti porque eu morro*, e certo ha ser porque sonadas son as súas agarradas, pero non menos sabido é que non hai Rosa sen Alfonso nin Alfonso sen Rosa.



A vida, que non os estudos, deulle enxeño para solucionar tanto un roto como un descosido. Non houbo estes anos avaría, trasnada ou desafío que puidese cos Ferreiros. Non hai metro cadrado deste instituto que non teña o seu selo. Como tam-pouco hai unha soa persoa que non coñeza as súas anécdotas, porque, para que negalo, contar aventuras é un dos seus praceres confesables.

As avarías do corpo e da alma son as únicas coas que non puido. Algunhas dores compartímolas, noutras acompañámolo... A un susto dos grandes débelle o terse que decatar de que é hora de empezar a **VIVIR**: momento de coñecer Lorca, reencontrarse co Uruguai dos seus recordos, ver crecer os seus netos e coñecer o que vén en camiño.

Como el di, o que marcha sen que o boten, volve cando quere. E é que Alfonso non se irá nunca do instituto porque as súas pegadas están por todas as partes e en cada un de nós.



Carta a Xosé Manuel

Con motivo da xubilación do noso compañoiro do Departamento de Lingua galega, Xosé Manuel, queremos unirnos a esta homenaxe e agradecerlle o seu traballo e dedicación durante todos estes anos, e desexarlle que goce moito da súa nova etapa. Grazas, Xosé Manuel!

Alumnado de 2º da ESO C

Querido Xosé Manuel,

Estamos na clase de Lingua galega e literatura escribindoche esta carta porque nos lembramos moito de ti cando a profe entra na aula e nos di "caladiños". Tí sempre nos dicías isto cando falabamos e non te deixabamos explicar, e non te enfades connosco, pero este é o motivo polo que che puxemos "Caladiños" de mote (ou alcume, como di a profe). Esperamos que non te enfades..., deberíamos ter falado menos e estudar algo máis ☺, pero estamos nunha idade difícil..., xa se sabe.

Antes de que acabase o curso queríamos escribirche para agradecerche o tempo que nos dedicaches e tamén TODA a túa paciencia, aguantándonos día a día a nós, aos nosos compañeiros, aos nosos irmáns, curmáns e tamén a algúñ paí. Siiiiiiii!!! Pero cantos anos fuches profesor aquí no instituto?

Xa non imos escribir máis porque nos doe a man de poñer tantas palabras, pero non te esquezas de nós. Se algúñ dí che apetece podes virnos visitar e contarnos o que queiras, que así facemos festa e descansamos un pouquiño.

Unha forte aperta e feliz xubilación!

P.D.: A profe di que somos os representantes de todos os alumnos do centro, así que os desexos son compartidos.

GRUPO DE TEATRO

O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA
PRESENTA

A AVELAÍÑA OU XUNO, de Millán Picouto

ANIMALIÑOS, de Roberto Vidal Bolaño

QUEIXUMES INDIOS, de Petra-Jesús Blanco

Representacións: 24 e 26 de maio no Salón de Actos do IES Ribeira do Louro



O dramaturgo Roberto Vidal Bolaño



A dramaturga Petra-Jesús Blanco



O dramaturgo Millán Picouto

Homenaxe a Xosé Neira Vilas

Reproducimos a preciosa homenaxe realizada desde BiblioRibeira con motivo do recente falecemento desta importante e entrañable figura das letras galegas.

Modesto Iglesias (2º BAC)

Xosé Neira Vilas, unha das figuras máis importantes do panorama literario galego, faleceu o pasado venres 27 de novembro aos oitenta e sete anos. Calquera que estudase galego na súa vida coñece este home ou, polo menos, sóalle o seu nome. Se non, un dos seus libros, *Memorias dun neno labrego*, debería soarlle. Hai uns catro anos os alumnos do club de lectura do IES Ribeira do Louro fomos de excursión á parroquia de Gres. Neira Vilas uniuse a nós para facer un percorrido pola fundación interrompendo más duna vez a guía que nos levaba, pois cría que tiñamos que saír de alí cun coñecemento pleno sobre como era a vida daquela. Finalmente, tras media mañá de charla con este home tan cheo de vitalidade para a súa idade, chegou a hora e partida para seguirmos coa nosa visita cultural, non sen antes el aceptar de bo gusto asinar os libros que, tanto alumnos como profesores, lle levamos. Puidemos gozar tanto coa súa magnífica obra como coa súa personalidade tan característica que posuía.

Presentamos unha selección de imaxes da reportaxe fotográfica sobre a visita que o Club de Lectura BiblioRibeira lle fixo a Xosé Neira Vilas en Gres.



Letras Galegas 2016:Manuel María

Desde o Equipo de Dinamización Lingüística queremos agradecer a Xosé Manuel Míguez a súa contribución para a revista con este artigo sobre as Letras Galegas e, por extensión, o seu labor como docente durante todos estes anos no centro. Enviámoslle, desde aquí, unha agarimosa aperta.

Xosé Manuel Míguez Méndez (Departamento de Lingua Galega e Literatura)

Retallos dunha vida e unha obra

Caras e caros lectoras e lectores, como sabedes este ano 2016 homenaxéase o 17 de maio, Día das Letras Galegas, ao escritor Manuel María Fernández Teixeiro.

O terruño que o viu nacer sitúase na Terra Chá, en Outeiro de Rei (Lugo), e veu a luz por primeira vez un 6 de outubro de 1929, ata que se apagou a mesma un 8 de setembro de 2004 na Coruña. Os seus proxenitores eran labregos acomodados. Pero a prematura morte do pai afectará fondamente ao escritor, quedando a cargo dun tío crego, quen terá a responsabilidade de formar ao seu sobriño.

O adolescente Manuel María inicia estudos de Bacharelato en Lugo, e xa desde moi novo tivo inquedanzas culturais e literarias participando en tertulias con figuras de renome como Fole, Pimentel, Iglesia Alvariño... Matricularase na Facultade de Filosofía e Letras de Santiago, pero abandonará no 1º curso. Chegado o intre de "servir á Patria" fixo o seu servizo militar en Compostela, onde contacta coa intelectualidade galeguista (Otero Pedrayo, Maside, Uxío Novoneyra, entre outros) no café Español.

Profesionalmente prepárase para Procurador dos Tribunais, exercendo esta tarefa a partir de 1958 con destino no xulgado de Monforte de Lemos.

A súa vida conxugal comeza no ano 1959 cando casa con Saleta na igrexa da Milagrosa, en Lugo. A parella compleméntase moi ben e participarán activamente nas súas inquedanzas políticas e culturais cunha forte reivindicación da identidade nacional galega.

Politicamente Manuel María vinculouse ao nacionalismo de esquerdas ingresando na UPG, participando como candidato polo BN-PG (Bloque Nacional-Popular Galego) nas eleccións democráticas ao

Senado español pola provincia de Lugo. Posteriormente saíria concelleiro de Monforte.



Manuel María e a natureza

A nivel social Manuel María loitou sempre pola causa obreira denunciando a inxustiza e apoianto calquera acción de contestación popular que reclamase a defensa e dignidade do pobo galego.

Pasemos agora á cuestión literaria do autor, na cal temos que considerar diferentes etapas na súa producción, relacionadas con distintas tendencias poéticas, que teñen como fío común a súa fidelidade á lingua. Comezou cultivando un tipo de poesía existencialista (*Muiñeiro de brétemas*, *Morrendo a cada intre*, *Libro de pregos*). Este lirismo subxectivo e íntimo socialízase e o home pasa a ser o protagonista dunha época, dun tempo e dun lugar, onde o propio poeta se identifica coas clases populares, co seu idioma, coa súa cultura... e, botando man da sátira e da ironía, denuncia a situación na que viven (*Documentos personales*, *Proba documental*, *Mar maior*). Outra etapa é a nacionalista, cunha poesía política de denuncia ás graves eivas que padece Galicia: emigración, idioma perseguido, antigaleguismo, imperialismo, colonización... (*Versos pra un país de minifundios*, *Odas para un tempo de paz e de alegría*, *Poemas pra construir unha patria*). Tamén ten obras de carácter lírico ou intimista (*Poemas ó outono*, *As lúcidas lúas de outono*).

En *Muiñeiro de brétemas* (1950), o primeiro poema monolingüe de Manuel María, o eu lírico nun dos poemas prega a Deus unha oración preto do muíño expondo as súas penas: "Esta oración, feita coa pucha enfariñada, / son tódalas coitas / que che dirixi, ouh Deus, humildemente".



Manuel María e Suso Vaamonde

Dende que teño acordo e discernimento -di Manuel María- sempre me sentín totalmente identificado coas xentes do meu país, coa súa fala e coa súa cultura... Así foi como naceu *Muiñeiro de brétemas* que, se algún mérito ten e algo vale, é o de ser o primeiro libro publicado en galego e en Galiza por un mozo despois da guerra civil.

Libro de pregos presenta o conflito relixioso de Manuel Mª trala morte do seu irmán Xesús Mª, e así o expresa nun poema: "Irmán: ideixache o po distes camiños / i o corazón prendido nas silveiras / escoando ledicias e orballos! / (...) ¡Agora estás con Deus, sobor da terra, / e pódessle pedir a Deus tódolos paxaros!".

O propio autor manifesta que, o "*Libro de pregos* tivo unha primeira redacción a pouco da morte do meu irmán, moi dura, mesmo blasfema...".

Terra Chá (1954): Retornado ao seu Outeiro de Rei natal produciuse a definitiva fusión poética entre Manuel María e a Terra Chá. A terra e o ser huma-

no que a habita convértense na centralidade lírica do autor, representada nesta obra, a cal está adicada á súa nai, a Saleta e aos seus irmáns Xosé e Antón. O home é o principal protagonista destes poemas, ben directa ou indirectamente.

Nun dos poemas deste libro o autor adíca ao "cedro da horta da casa de Hortas" (casa natal do poeta), comezando de tal guisa: "Meu lanzal cedro senlleiro / que naciche en Pontedeume: / ¿gárdas lembranza en Outeiro / das doces augas do Eu-me...?" Entre os poemas referidos ao apartado da "Terra e o labradío" está o do arado: "¡Canto traballa o arado / e nunca está cansado! / Anque a terra ten que abrir / procura non a ferir. / ¡Ara na alma, nos leiros, / nos nosos soños valeiros! / A voz do amo manda: / -¡Ei, boi, anda...!" Inserimos aquí dous poemas, o 1º e o último do libro, por ter unha estrutura que podemos considerar circular; pois os títulos destes repítense ao referirse á terra do poeta, a Terra Chá: "Canto á Terra Cha" e "Pranto pola Terra Cha", respectivamente. Iníciase o 1º así: "¡Ouh miña Terra Cha, amada dende lonxe, / povoada de ventos e carpazas, / por onde o Miño pasa caladiño...". E conclúe o último poema deste xeito: "Eu son chairego. E chairego son os meus. / ¡Chairegos meu avó, meu pai, miña mueller!..."



Manuel María e Vicente Risco na exposición de Celia Cortés

Documentos personaes (1958): Con este libro prodúcese un troco pasando do lirismo subxectivo anterior a unha poesía más social, externa. Esta obra emprega, ademais, unha linguaxe un tanto prosaica relativa ao mundo do Dereito e da administración de xustiza: "Prohibese, por orde da Alcaldía, / que medren porque si / as rosas do xardín

municipal. / Dende agora as pombas teñen / que pedir licencia pra voar. / (...)

Este mesmo procedemento utilizarao o autor anos despois na súa obra *Proba documental*.



Manuel María na Festa da Poesía (Salvaterra de Miño)

Mar maior (1963): Pode incluirse xa na liña solidaria e socializante dentro do que se pode denominar poesía social ou social-realista. O compromiso nacionalista do escritor reflíctese fondamente nas súas obras *Versos pra un país de minifundios* e *Poemas pra construir unha patria*, entre outros. Trátase dunha poesía cun claro didactismo, tratando de sementar os ideais nacionalistas e crear unha conciencia no pobo para que no futuro este poida cambiar a sociedade.

Sinala a voz poética en *Mar maior* "Que a vida é moi fermosa / aínda que hai homes / que teñen os beizos emporcados / con verbas de falsía, / i o corazón podre polo odio, / ... En *Versos pra un país de minifundios* fai mención ao pobo con estas verbas: "O pobo é invencible. / O pobo é o eterno: / (...) É inútil querer / asoballalo: sempre / rexurde renovado, / limpo, virxe, inocente /e incontable. / A súa forza é inesgotable. / Pasan os tiranos / i o pobo sigue en pé (...)".

Continúa nesta mesma liña en *Poemas pra construir unha patria*". A Patria faise día a día; intre a intre, / esforzo / a / esforzo luíndo / esta nosa fala que temos para / entendernos; comprendernos, /"(...).

Entre os poemas de Manuel María de carácter más lírico e intimista, onde se reproduce a melan-

colía, o amor, as cousas cotiás, a tenrura... atopamos obras como *Poemas ó outono* e *As lúcidas lúas do outono*. De *Poemas ó outono* sirvan como exemplo estes versos: "Agora que é Outono, miña amiga, / miña amante e sinxela compañeira, / hábemonos chegar deica a ribeira / onde o bris dei-xou unha cantiga. "E de *As lúcidas lúas do outono* estoutros: "Marchache pra fundirte e confundirte / coa terra e o máis alá. A túa / poderosa presencia inesquecible / permanece, firme e viva, en nós, / nas cousas más amadas e no aire / do lar: coñecido, máxico e sagrado."


Non podemos pasar por alto un libro do autor de gran éxito, e musicado por Suso Vaamonde, Mª Manuela, Fuxan os ventos, Uxía, entre outros. Esta obra, titulada *Os soños na gaiola* (1968), está formada por un conxunto de 50 poemas con vontade didáctica, e dirixida a un público infantil, na cal introduce o ritmo da canción popular. Do medio centenar de poemas que contén entresacaremos dous deles: "O arco da vella" e "O lume novo". O primeiro empeza así: "O arco da vella / no ceo subido / co seu colorín, / co seu colorido. // O arco da vella / con sete colores / que teñen no ceo / beleza de flores. "E o segundo: "Hoxe é o lume novo, / noite de San Xohán. / ¡As ledas fogueiras / acesas están...! // ¡Que gusto, rapaces, / saltar as fogueiras, / dar brincos, rebrincos / e pinchacarneiras!".

Tamén debemos mencionar as facetas de autor dramático ou articulista en revistas e xornais, como *A Nosa Terra*. Como obras de teatro son mostras delas: *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berenguela*, ou *A lúa vai encoberta*.


Así, pois, o universo literario de Manuel María nace na Terra Chá e medra, coa súa formación autodidáctica e académica, tanto en xéneros literarios coma na temática empregada ou na presenza da cultura clásica, o cal leva a que combine a copla popular co soneto, a balada coa égloga, a oda coa canción... Tódolos temas están enfiados polo profundo amor que o home-poeta ten co seu pobo.

Solucionario dos Desafíos (páxina 39)


Desafío 1:



Desafío 2: O cabalo negro móvese á casilla marcada co X.



Desafío 3:



(Versión galega da entrevista a Howard Walsh, páxina 52)

Cal é o teu/túa.....favorito/a? Película? Tiburón. **Animal?** O touro. **Música?** The Year of the Cat (O ano do gato) de Al Stewart. **Cantante?** Bob Dylan. **Estación?** O verán. **Actor?** Michael J. Fox. **Libro?** Saír por aire, de George Orwell. **Deporte?** Fútbol. **Equipo de fútbol?** Inglés, o Chelsea. Español, o Real Madrid. **Cor?** Depende. En xeral, o verde, pero gústame o azul para a roupa e o vermello para os coches. **Marca de roupa?** Gap. **Tenda de roupa?** Tendas Gap. **Número?** Sete.

Tes algún animal de compañía? Si, pero non aquí. Teño dúas tartarugas na miña casa en Londres. **Como se chaman?** Joe e Rocky. **Por que decidiches vir a España?** É a túa primeira vez aquí? Estás feliz coa decisión que tomaches? Gústame vivir no estranxeiro para poder ver e coñecer novos lugares, culturas e comidas. Xa estiven en Huelva hai dous anos e foi unha experiencia moi boa así que estou contento por tomala! Tamén fixen o Camiño de Santiago en bicicleta cun amigo hai algúns anos. Saímos desde La Rochelle, en Francia. Mais esta é a miña primeira estancia en Galiza durante un período longo de tempo. **Que é o que che gusta de Galicia?** Que ten de especial para ti? **O teu lugar favorito?** A xente, son todos moi simpáticos, amigables e hospitalarios e fixen un montón de amigos e amigas fora do traballo. A comida é bastante interesante tamén (falará disto máis adiante!) Gústame Santiago, é unha cidade histórica moi interesante. **Gústache vivir en Vigo? Por que?** Visitaches xa outros lugares? Éunha cidade bastante grande. Vivo cerca do estadio e é moi emocionante! Camiño ata Bouzas bastante. Vou ata alí a pescar e vin algúns golfiños hai un mes máis ou menos. Si, estou gozando coa miña estancia, estou contento aquí. Estou visitando sitios interesantes, como Baiona, Cangas, Pontevedra, as Illas de Cíes... Estou explorando zonas diferentes e vendo acontecementos interesantes como a festa da Arribada en Baiona ou da Reconquista en Vigo. Tamén estou aprendendo a cocinar os pratos típicos españoles e galegos. **Prefires Londres ou Galiza?** Agora mesmo, gústame estar lonxe de Londres. Pero finalmente supoño que botarei de menos a miña familia e os meus amigos. **Que sitio de Londres nos recomendarias para visitar?** A zona de Westminster, por exemplo. Podes ver sitios importantes como a Abadía de Westminster, onde teñen lugar as ceremonias de coroación e onde están soterrados monarcas e persoas importantes, como Isaac Newton, Charles Darwin, Henry Purcell ou G. F. Haendel. Tamén podes ver o Big Ben, o Palacio de Westminster, onde está o Parlamento e o número 10 de Downing Street, onde vive o Primeiro Ministro británico; tamén podes montar no London Eye (o Ollo de Londres) unha nora xigante á beira do Támesis. O Palacio de Buckingham tamén está moi próximo. **Es unha persoa deportista?** Si, claro! Nado e vou en bici e tamén miro moito deporte. Á parte do fútbol, que deportes che gusta practicar ou ver por televisión? Gústanme a Fórmula 1, o ciclismo e o tenis. **Gústache a nosa comida?** Cal é o mellor prato galego que probaches ata agora? Si! Polbo á feira, cocido e empanadas. Non tiven valor de probar a lampreapolasúa cara, da medo! **Cando é o teu aniversario?** 28 de xullo. **Traballaches sempre como auxiliar de conversa/profesor?** Fixeno unhas cantas veces e traballei con computadoras. **En que queres traballar no futuro?** Gastaríame ser profesor de lingua e historia porque me chifla ensinar e estas dúas materias. **Cóntanos un pouquiño como foi o teu primeiro día no noso instituto e como te sentiches.** Sentinme un pouco nervioso porque tiña que coñecer xente nova, os estudantes, todo o equipo. Tamén tiña que coñecer o meu horario... Con todo, tamén estaba emocionado. Foron un bo primeiro día e semana! **Gústache o noso instituto?** Estás a ter unha boa experiencia aquí? Si, gústame a variedade que teño nas miñas actividades: estou en contacto con estudantes de idades diferentes, desde 12 anos ata adultos, participo nalgunhas clases que me gustan, como música e xadrez, e tamén me gustan as actividades complementarias como o magosto ou o Entroido. **Queres repetir neste mesmo instituto o ano que ven?** Gustaríame pero sinto que debo coñecer novos lares e moverme xa que non teño ataduras. **Ao finalizar a entrevista, Howard quixo tamén deixar unhas verbiñas para agradecer o trato recibido no centro e resumir a súa experiencia:** "Gustaríame dicir que realmente estou a gozar moito de estar aquí ensinando e traballando cos estudantes. Será unha mágoa marchar!".

Guillermo Comesaña e Esther Costoya

As Illas Cíes

Pablo Lemos López e Begoña Pedreira Chamorro (1º BAC)

As Illas Cíes son un arquipélago situado na boca da Ría de Vigo, pertencente ás Rías Baixas, na Provincia de Pontevedra.


O arquipélago das illas Cíes está formado por tres illas principais: a illa de Monteagudo (ou illa do Norte), a illa do Faro (ou illa do Medio) e a illa de San Martiño (ou illa do Sur). Actualmente, forma parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas. O xornal británico *The Guardian* elixiu a praia de Rodas como a “praia máis fermosa do mundo”.

Tense constancia dun poboado castrexo pertencente á Idade de Ferro situado no monte Faro. Tamén se detecta a presenza romana debido á aparición de cerámicas. Na Idade Media, existiu na illa do Norte o mosteiro de Santo Estevo e, na illa do Sur, o de San Martiño.

A flora das Illas Cíes conta cun total de 602 especies vexetais. As principais son o toxo, a xesta, a esparragueira, o trobisco ou a estepa. O bosque é o que sufriu as maiores alteracións, xa que desapareceron moitas especies autóctonas ao repoboárense as illas con piñeiro e eucaliptos case nunha cuarta parte da superficie.



Vista aérea da Praia de Rodas, a más fermeosa do mundo



Vista aérea das Illas Cíes

Afectado. Con posteriores ondas, a cifra chegou ao 90%. As illas que forman o parque foron a barreira natural que freou a entrada do fuel nas Rías Baixas. As tarefas de limpeza tamén supuxeron un atentado ao medio natural pola forma desaxeitada no que se realizaron, arrastrando todo ser vivo que quedaba nas rochas, as crías de moluscos nos areais e invadindo os lugares de nidificación e alimentación das aves. Calcúlase en décadas o tempo para que os ecosistemas costeiros e marítimos poidan recuperarse.

Os ventos fortes dificultan o desenvolvemento das árbores. 22.000 parellas de gaivotas patiamarelas constitúen a colonia máis grande do mundo e é a especie dominante nas Cíes. Séguena o corvo mariño cristado e a gaivota escura. Destacan outras especies como o azor, o falcón peregrino, e o gabián. O coello, ourizo cacho e a londra son os únicos mamíferos silvestres. Tamén hai ratos de campo, musarañas e morcegos. Réptiles, representados por diferentes tipos de lagartos e culebras.

Co afundimento do petroleiro *Prestige*, o 85% do parque nacional resultou



Revista Escolar Órbita | Número XI | Maio de 2016
IES Ribeira do Louro, O Porriño
Equipo de Dinamización Lingüística